

galicia

camino de Santiago



XUNTA DE GALICIA

Os Camiños de Galicia

0 Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis antiga de Europa e a máis concorrida. Propoñémosvos sete experiencias diferentes e únicas polos sete itinerarios históricos que conforman o Camiño. Pero vivirémolos de maneira atípica: en bicicleta, nun todo terreo, ao lombo dun cabalo, en veleiro ou a bordo dun catamarán, ademais de camiñando.

Atravesaremos pequenas aldeas de montaña, poboacións cargadas de historia, vilas mariñeiras. No noso percorrido degustaremos a mellor gastronomía de Galicia acompañada dos seus excelentes viños, relaxarémonos nas augas termais, pasearemos por extensas e salvaxes praias e assistiremos a curiosos fenómenos que nos brinda a natureza.

En Santiago agardarannos agradables sorpresas. Na Praza do Obradoiro sentirémonos marabillados pola fascinante fachada da catedral. No seu interior descubriremos os seus tesouros ocultos e cumpriremos con todos os ritos; dende os seus tellados teremos a cidade ao alcance da nosa man. Percorreremos o seu casco histórico, iremos de tapas e de viños poas súas rúas máis emblemáticas. Perderémonos entre os olores e sabores do Mercado de Abastos e descubriremos os encantadores espazos naturais que agacha Compostela.

EDITA

Turgalicia. Estrada Santiago-Noia, km 3.
15896 Santiago de Compostela
Tel. 902 200 432 | 981 537 588 | cir.turgalicia@xunta.es

COORDINACIÓN_ xxxx

DESEÑO E MAQUETA_ Vía Láctea Comunicación, S.L.

FOTOGRAFÍA_ Arquivo Turgalicia

IMPRESIÓN_ xxxx

DEPÓSITO LEGAL_ xxxx





1 Camiño a Fisterra en bicicleta

Un percorrido en bicicleta pola única ruta xacobeas con orixe en Compostela. Conclúe en Fisterra, a “fin do mundo” para os peregrinos que dende a antigüidade acudían a contemplar o espectáculo de ver morer o Sol no Atlántico. Un Camiño para gozar da paisaxe, o patrimonio artístico, a gastronomía e o mar.

páx 8



2 Camiño do Norte en 4x4

É o Camiño de peregrinación a Compostela máis histórico. A aventura en todo terreo arranca en Ribadeo. Contornos de montaña, vales, ríos e unha gran diversidade de flora e fauna serán os nosos compañeiros de viaxe ata alcanzar a cidade de Santiago.

páx 18



4 Camiño Inglés en veleiro e mountainbike

Seguiremos unha das rutas marítimas xacobeas que se empregaba na Europa medieval para alcanzar Compostela. Dende Cedeira, onde contemplaremos os cantís máis elevados de Europa e visitaremos Santo André de Teixido, navegaremos en veleiro ata Ferrol. E dende aquí emprendemos o Camiño a Santiago en bicicleta.

páx 38



5 Camiño Portugués e Ruta Xacobeas en barco

En Tui comeza esta aventura dunha semana. No Grove embarcaremos nun catamarán para facer o itinerario marítimo-fluvial pola Ría de Arousa e o río Ulla, rememorando a chegada por mar a Galicia do corpo do Apóstolo Santiago. Dende Padrón, seguiremos o Camiño cara a Santiago.

páx 48



6 Camiño Primitivo en 4x4

Gran parte do percorrido sitúase por riba dos 800 metros de altitude, con continuas subidas e baixadas. Pero a dureza do Camiño vese compensada pola beleza da paisaxe, xa que transcorre en plena natureza, atravesando bosques, montañas, ríos, regatos, vales, campos de cultivo e aldeas con encanto.

páx 60



3 Camiño Francés a cabalo

A ruta xacobeas máis coñecida, Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio Cultural da Humanidade, ofrécenos unha emocionante experiencia dunha semana a lombos dun cabalo. Dende a aldea do Cebreiro, de orixe prehistórica, pasaremos por múltiples lugares que nos amosarán os seus tesouros máis prezados.

páx 28



7 De viños pola Vía da Prata

Durante unha semana gozaremos dunha fascinante paisaxe, adornada con pontes medievais, igrexas ancestrais, mosteiros, fortalezas e pazos. Cruzaremos por terras de gran riqueza vitícola, visitaremos as súas adegas, degustaremos os seus viños e relaxarémonos nalgún balneario.

páx 70



- AUTOESTRADA DE PEAXE
- AUTOVÍA
- REDE DE ALTA CAPACIDADE
- REDE DE ESTRADAS DO ESTADO
- REDE AUTONÓMICA BASE E COMPLEMENTARIA
- REDE AUTONÓMICA SECUNDARIA
- - - - - FERROCARRIL VÍA ANCHA
- - - - - FERROCARRIL VÍA ESTREITA
- PARQUES NACIONAIS/NATURAIS

1 EXPERIENCIA Camiño a Fisterra en bicicleta

- dia 1 | Santiago de Compostela
- dia 2 | Santiago de Compostela – Ames – Negreira – Mazaricos – Dumbria
- dia 3 | Dumbria – Cee – Corcubión – Fisterra
- dia 4 | Fisterra

2 EXPERIENCIA Camiño do Norte en 4x4

- dia 1 | Ribadeo – Mondoñedo – Vilalba
- dia 2 | Vilalba – Guitiriz – Curtis – Sobrado dos Monxes – Arzúa
- dia 3 | Arzúa – O Pino – Santiago de Compostela
- dia 4 | Santiago de Compostela
- dia 5 | Santiago de Compostela

3 EXPERIENCIA Camiño Francés a cabalo

- dia 1 | Pedrafita do Cebreiro
- dia 2 | Pedrafita do Cebreiro – Triacastela – Samos
- dia 3 | Samos – Sarria – Paradela – Portomarín
- dia 4 | Portomarín – Monterroso – Palas de Rei
- dia 5 | Palas de Rei – Melide – Arzúa
- dia 6 | Arzúa – O Pino – Santiago de Compostela
- dia 7 | Santiago de Compostela
- dia 8 | Santiago de Compostela

4 EXPERIENCIA Camiño Inglés en veleiro e mountainbike

- dia 1 | Cedeira – Valdoviño – Ferrol
- dia 2 | Ferrol – Narón – Neda – Fene – Cabanas – Pontedeume – Miño
- dia 3 | Miño – Paderne – Betanzos – Abegondo – Mesía – Ordes
- dia 4 | Ordes – Oroso – Santiago de Compostela

5 EXPERIENCIA Camiño Portugués e Ruta Xacobeá en barco

- dia 1 | Tui
- dia 2 | Tui – O Porriño – Mos – Redondela
- dia 3 | Redondela – Soutomaior – Pontevedra – Poio
- dia 4 | Poio – O Grove – Ría de Arousa e río Ulla – Pontecesures – Padrón – Caldas de Reis – Padrón
- dia 5 | Padrón – Teo – Brión – Teo – Ames – Santiago de Compostela
- dia 6 | Santiago de Compostela
- dia 7 | Santiago de Compostela

6 EXPERIENCIA Camiño Primitivo en 4x4

- dia 1 | A Fonsagrada – Baleira – Begonte – Friol – Guitiriz – Curtis – Sobrado dos Monxes – Arzúa
- dia 2 | Arzúa – O Pino – Santiago de Compostela
- dia 3 | Santiago de Compostela
- dia 4 | Santiago de Compostela

7 EXPERIENCIA De viños pola Vía da Prata

- dia 1 | Verín – Monterrei – Verín
- dia 2 | Trasmiras – Xinzo de Limia – Verín
- dia 3 | Xinzo de Limia – Sandiás – Allariz – Ourense – Cenlle
- dia 4 | Amoeiro – Vilamarín – San Cristovo de Cea – Ribadavia – Leiro – Cenlle
- dia 5 | San Cristovo de Cea – Dozón – Vila de Cruces
- dia 6 | Boqueixón – Santiago de Compostela
- dia 7 | Santiago de Compostela

Camiño a Fisterra en bicicleta

Propoñémosvos percorrer en bicicleta a única ruta xacobeá que non acaba, senón que comeza, en Santiago de Compostela. E conclúe en Fisterra, verdadeira fin do mundo para os peregrinos que de antigo acudían a contemplar o grandioso espectáculo de ver declinar o Sol no Atlántico. Un Camiño cheo de lendas, mitos, historia e tradición, de verdes paisaxes e vilas mariñeiras da Costa da Morte.



► Plaza do Obradoiro

INICIO_ Santiago de Compostela	MÁIS INFORMACIÓN → Catedral de Santiago: www.catedraldesantiago.es
FIN_ Fisterra	→ Albergue de Santiago de Olveiroa. Tel_ 658 045 242
XORNADAS_ 4	→ Albergue de Peregrinos de Fisterra. Tel_ 981 740 781
	→ Castelo de San Carlos. Museo de Pesca de Fisterra_ aberto de 10:30-13:30 e de 16:00-19:00 h



EXPERIENCIA



- día 1 |
Santiago de Compostela
- 1_ Praza do Obradoiro
 - 2_ Catedral
 - 3_ Casco histórico
 - 4_ Rúas do Franco e A Raiña

- día 2 |
Santiago de Compostela
- 1_ Praza do Obradoiro
 - 5_ Convento de San Lourenzo de Trasouto
 - 6_ Río Sarela
- Ames
- 7_ Lugar de Augapesada
 - 8_ Ponte Maceira
 - 9_ Pazo da Chancela
- Negreira
- 10_ Pazo de Cotón e Capela de San Mauro
 - 11_ Ponte sobre o río Barcala

- Mazaricos
- 12_ Hórreos das Maroñas
- Dumbria
- 13_ Lugar de Ponte Olveira
 - 14_ Parroquia de Olveiroa

- día 3 |
Dumbria
- 15_ Poboación de Hospital
 - 16_ Santuario das Neves
- Cee
- 17_ Ermida de San Pedro Mártir
 - 18_ Cruceiro da Armada
 - 19_ Vila de Cee
- Corcubión
- 20_ Igrexa de San Marcos
 - 21_ Paseo Marítimo
 - 22_ Praia de Quenxe
 - 23_ Aldeas de Vilar – Amarela – Estorde – Sardiñeiro

- Fisterra
- 24_ Praia de Langosteira
 - 25_ Barrio de San Roque
 - 26_ Cruz de Baixar
 - 27_ Albergue público
 - 28_ Igrexa de Santa María das Areas
 - 29_ A Serea
 - 30_ Faro
 - 31_ Porto
 - 32_ Lonxa

- día 4 |
Fisterra
- 33_ Castelo de San Carlos



O Pórtico da Gloria, tallado polo Mestre Mateo, é unha obra mestra do románico español

› Pórtico da Gloria

| día 1 |

Santiago como punto de partida

Suxerímosvos chegar a Santiago de Compostela pola tarde. A cidade, aberta e hospitalaria, brinda toda clase de aloxamentos: albergues, hoteis con encanto e rurais, hostais ou pensións. A gran xoia é o **Parador do Hostal dos Reis Católicos**.

A visita obrigada á catedral

O primeiro encontro coa catedral dende a **Praza do Obradoiro** é emocionante. A praza recibe este nome porque durante case 100 anos estivo en obras e era aquí onde os canteiros que picaban día tras día o granito para a súa construción tiñan os seus obradoiros. Grazas a eles hoxe sentímonos maravillados pola maxestosa fronte barroca, construída entre os séculos XVII e XVIII, presidida pola figura de Santiago Apóstolo vestido de peregrino con capa e bastón.

O Apóstolo está representado en todos os edificios que cerran a praza. Podedes identificalo como guerreiro montado no seu cabalo branco, como Apóstolo ou como Santo Peregrino.

Para localizalo debebes fixarvos na fachada neoclásica do **Pazo de Raxoi**, na gótica de transición do **Hostal dos Reis Católicos** e na renacentista do **Pazo de San Xerome**.

Para coñecer o interior do templo subiremos pola súa magnífica escalinata, que en realidade son dúas, unha dentro da outra. Ao entrar veremos primeiro o famoso **Pórtico da Gloria**, obra mestra do románico español tallada polo Mestre Mateo. Está formado por tres arcos, cuxas esculturas interpretan de maneira simbólica a Xerusalén celeste.

Encontraredes de novo ao Apóstolo Santiago na columna central de mármore, onde se representa a xenealoxía de Cristo e observaredes, a media altura, as pegadas que teñen deixado as mans dos peregrinos que tradicionalmente se apoiaban neste piar. Un dos ritos máis practicados é o **abrazo ao Apóstolo** no camarín do Altar Maior. Logo deterémonos ante as súas reliquias, gardadas nunha urna de prata, na **cripta**.

Un paseo polo casco histórico compostelán

Aconsellámosvos dedicar o resto da tarde a explorar o casco histórico de Santiago, declarado Patrimonio da Humanidade. Deixade que vos sorprenda a arte feita pedra. Despois de contemplar as demais fachadas e prazas que rodean a catedral, sentirédesvos cativados polas rúas de orixe medieval como a Rúa Nova e a Rúa do Vilar, o Preguntoiro, as Algalias (de Arriba e de Abaixo) ou Casas Reais. E coñeceredes o encanto de prazas como a do Toural ou Cervantes.

De tapas pola Rúa do Franco e A Raíña

Por tratarse da primeira noite en Santiago suxerímosvos que para cear optedes polas típicas racións galegas. Así gozaredes dalgúns dos pratos considerados imprescindibles na súa gastronomía como o polbo á feira, a carne ao caldeiro, a empanada, o raxo, a zorza, a orella de porco; mariscos das rías galegas como mexillóns, berberechos e ameixas; ou produtos de temporada como os pementos de Padrón ou as xoubas. Poderedes degustar todos estes manxares nas múltiples tabernas e restaurantes do casco antigo. A Rúa do Franco e A Raíña concentran a maioría destes establecementos.



› Praza de Cervantes

De Santiago a Dumbría

Almorzamos no hotel e procuramos saír cedo coas nosas bicicletas, propias ou de alugueiro, para comezar canto antes a única ruta xacobeá que se inicia en Compostela. Esta peregrinación remóntase aos albores do Camiño de Santiago, cando os romeiros sentían o desexo de proseguir ata Fisterra, o “Finis Terrae”, o punto máis occidental do mundo por eles coñecido.

Abandonamos a Praza do Obradoiro ata chegar ao concello de Ames

A ruta parte da propia Praza do Obradoiro. Entre o Pazo de Raxoi e o Hostal dos Reis Católicos, onde se atopaba a antiga **Porta do Peregrino**, o Camiño descende por rúas como a das Hortas e continúa por Poza de Bar e San Lourenzo ata a súa fermosa carballeira centenaria, que Rosalía de Castro immortalizou na súa obra *Follas Novas*. Detrás está o antigo **Convento de San Lourenzo de Trasouto**, de importante valor artístico e tamén botánico. No seu claustro garda unha gran e preciosa sebe de buxo centenaria, tallada con motivos xeométricos de simboloxía relixiosa.

Despois descendemos cara ao **río Sarela**, onde o verde empeza a imporse á pedra. Discorremos polo paseo acondicionado pola súa marxe, cruzándoo por estreitas pasarelas. Logo atravesamos pequenos núcleos rurais, bosques e outeiros ata chegar á estrada xeral, para baixar máis tarde ata **Augapesada**, no concello de Ames.

A singular beleza da aldea de Ponte Maceira

Axiña iniciamos a ascensión ao alto de Mar de Ovellas, onde podemos deternos a contemplar o val da Maía. Logo descendemos ata Ponte Maceira, un dos puntos de maior interese do tramo. Trátase dun conxunto monumental cuxo elemento significativo é a **ponte sobre o río Tambre** do século XIII. Tamén destaca o poboado primitivo, o muíño, a presa, a capela e o pazo moderno.

Ao outro lado da ponte seguimos o curso do río por un tramo empedrado e atopamos o **Pazo da Chancela**. Está rodeado dunha carballeira e parcialmente aberto ás visitas, así que podedes achegarvos. Fixádevos no seu escudo onde está labrada unha ponte partida. Representa a mesma que, segundo a lenda, afundiú cortando o paso aos soldados romanos que perseguían a Teodoro e Atanasio, discípulos de Santiago que regresaban de pedir autorización ao legado romano de Fisterra para poder enterrar ao Apóstolo.



Paramos a comer en Negreira, de afamada carne

Baixamos ata Negreira, que conta cunha variada oferta de aloxamento. Atravesamos a rúa principal da vila baixo un dos tres arcos que soportan a galería ameada e balastrada que une o **Pazo de Cotón** coa **Capela de San Mauro**, dos séculos XVII e XVIII respectivamente. Podemos examinar con máis detemento os seus doce escudos tras comer algo e descansar. O territorio é coñecido pola súa actividade gandeira e láctea, polo que vos suxerimos que vos decantedes por un prato de tenreira asada ou polo de curral ao forno, típicos da zona.

A xornada conclúe en Dumbría

Sáimos de Negreira por unha pequena ponte sobre o **río Barcala**. A ruta coincide con algúns tramos do Camiño Real de Fisterra. Atoparemos interesantes exemplos de arquitectura popular, como o conxunto de **hórreos das Maroñas**, no concello de **Mazaricos**.

Por momentos o Camiño discorre en zonas de altiplano, obtendo excelentes vistas. Dende as estribacións de Monte Aro podedes contemplar parte do río Xallas, o seu encoro e os seus vales. Chegamos ao lugar de **Ponte Olveira**, cuxa ponte medieval nos sitúa no municipio de Dumbría. Concluimos a xornada na parroquia de **Olveiroa**. Xunto ao albergue hai varios aloxamentos onde cear, charlar sobre a etapa e descansar.



► Ponte Maceira

De Dumbría a Fisterra

Tras un bo almoço, deixamos Olveiroa e enseguida alcanzamos a próxima poboación de **Hospital**, onde o Camiño se bifurca cara a Muxía e Fisterra. Tomamos a ruta de Fisterra e axiña chegamos ás inmediacións do **Santuario das Neves** e despois á popular **Ermida de San Pedro Mártir**, que ten unha fonte “milagreira” á que se lle atribúe a curación de varias doenzas.

Dende aquí o terreo ascende. Xa no alto, xunto ao **Cruceiro da Armada**, podemos contemplar por primeira vez a aínda afastada Fisterra, bañada polo Atlántico. Logo o terreo descende ata **Cee**, vila tipicamente mariñeira, a onde chegamos polo Campo de Sacramento e a Rúa da Magdalena.



> Corcubión



> Corcubión



> Cruz de Baixar. Fisterra ???



No albergue público darannos a “Fisterrá”, a credencial que certifica a nosa peregrinación ata esta vila

> Vista aérea de Corcubión e Cee

En Corcubión podemos darnos un baño na praia

Dende Cee divisase o vindeiro destino, Corcubión, declarado Conxunto Histórico-Artístico polas súas casas nobres e a súa arquitectura popular mariñeira. Á entrada está a **igreja de San Marcos**, un bo exemplo de gótico-mariñeiro e neogótico e declarada Ben de Interese Cultural.

Animámosvos a deixar de pedalear e gozar detidamente dun percorrido polo **Paseo Marítimo**, coas súas fermosas casas de amplas galerías e balcóns que miran á ría. Ao longo da camiñada atoparedes locais onde degustar deliciosas tapas. Mesmo, se o tempo é propicio, podeades darvos un baño na **praia de Quenxe**, cara ao final da vila.

Chegamos a Fisterra, destino da nosa peregrinación

Trala sobremesa e o descanso poñémonos de novo en camiño cara a Fisterra, xa moi preto. Logo de pasar polas aldeas de **Vilar, Amarela, Estorde e Sardiñeiro** despedímonos de Corcubión nun miradoiro dende onde vemos Fisterra e o seu cabo. Alí chegamos despois de bordear durante uns dous quilómetros as formacións de dunas da fermosa e extensa **praia de Langosteira**. Aínda que o camiño vai en paralelo ás dunas recomendámosvos percorrer este tramo a pé de praia, como adoitan facer os peregrinos.

Entramos na vila mariñeira de Fisterra polo **barrio de San Roque**. Pasamos xunto á **Cruz de Baixar**, un secular cruceiro que ten labrado o Cristo Crucificado e no reverso María Inmaculada co neno Xesús. Ao seu lado contéplase unha preciosa vista do areal de Langosteira. Despois pasamos a rúa Catalina e a Real, onde está o **albergue** público e onde nos poden dar a “Fisterrá”, a credencial que certificará a nosa peregrinación ata esta vila.

A Igrexa de Santa María das Areas, foco da tradición xacobeá de Fisterra

O final da ruta continúa ata o Faro. Seguindo pola estrada que nos conduce ata alí atopámonos coa Igrexa de Santa María das Areas, epicentro da tradición xacobeá de Fisterra. Unha preciosa arcada, que se cre que formou parte do desaparecido hospital medieval de peregrinos, dános paso ao templo.

Aquí vemos brillar con luz propia o venerado **Santo Cristo de Fisterra**, ante quen se prostraban os peregrinos despois de visitar ao Apóstolo dende a remota antigüidade. Esta talla gótica está envolta en lendas, pois dise que apareceu na costa tras ser botada á auga dende un barco durante unha tormenta. Cada Semana Santa, os fisterráns celebran a Festa do Santo Cristo, declarada de Interese Turístico Nacional.

Camiño do Faro, dende onde os romanos contemplaban como o Sol se somerxía no mar

Despois da visita seguimos ascendendo pola mesma estrada. Á metade da subida, a escultura dun peregrino medieval saenos ao paso. Máis adiante, o fito do quilómetro cero dános a benvinda ao contorno do Faro. Á entrada recíbenos **A Serea**, un edificio de finais do XIX destinado a usos turísticos, onde selan credenciais, obteñen estatísticas e ofrécennos a información que precisemos.

Atopámonos no lugar onde antigos xeógrafos grecorromanos situaban o *Promontorium Nerium* ou *Ara Solis*, altar de culto ao Sol, construído polos fenicios e que segundo a lenda o mesmo Apóstolo Santiago fixo destruír pouco despois. Aquí os romanos e os pobos que os precederon asomábanse á súa “fin do mundo” para asistir ao grandioso espectáculo de ver o Sol somerxerse no océano.

Cea no contorno do porto

Para cear aconsellámosvos que vos acheguedes ao contorno do **porto de Fisterra**, lugar de maior actividade da vila. Nos restaurantes da zona prepáranse os peixes e mariscos frescos e de temporada que aquí se desembarcan.

Logo podedes achegarvos á **lonxa**, un moderno edificio de aluminio azul e cristal que axiña identificaredes. É posible pasear polo seu interior xa que está acondicionado para as visitas turísticas. E, para pasar a noite, Fisterra conta cunha ampla oferta de aloxamento que inclúe albergues, hoteis -tamén rústicos e con encanto-, hostais e pensións.

| día 4 |

Despedímonos de Fisterra visitando o seu castelo

O **Castelo de San Carlos** atópase seguindo a estrada do porto, polo chamado Paseo Corveiro. É un castelo-fortaleza levantado no século XVIII, aínda que se reformou tralo incendio e destrución parcial sobrevividos no asalto francés a Fisterra durante a Guerra da Independencia. No seu interior alberga o **Museo de Pesca**. Despois da visita suxerímonos poñer rumbo a Santiago de Compostela pois os seus excelentes servizos e a súa condición de nó de comunicación en Galicia facilita o regreso a casa.



> Santa María das Areas ?????



> Santo Cristo de Fisterra



> Faro en Cabo Fisterra

Camiño do Norte en 4x4




Animámonos a vivir cinco días trepidantes sobre as catro rodas dun todo terreo. Seguiremos o contorno do Camiño do Norte cara a Santiago de Compostela e visitaremos lugares emblemáticos desta ruta, que comeza na primeira localidade galega do Cantábrico, Ribadeo. Escenarios montañosos e unha Reserva da Biosfera ofrécennos paisaxes, flora e fauna de gran valor ambiental. O vadeo dos ríos, as corgas e outros accidentes xeográficos porán a proba a pericia dos condutores e proporcionarán experiencias emocionantes ao tempo que didácticas.



INICIO_ Ribadeo	MÁIS INFORMACIÓN → Parador Torre dos Andrade (Vilalba). Tel_ 982 510 011 / www.parador.es/parador-de-vilalba
FIN_ Santiago de Compostela	→ Museo Vivente do Mel (Arzúa). Tel_ 981 508 072 / www.abelleiro.com
XORNADAS_5	→ Catedral de Santiago_ www.catedraldesantiago.es → Mercado de Abastos de Santiago_ www.mercadodeabastosdesantiago.com



EXPERIENCIA



- | | | |
|---|---|--|
| <p>día 1
Ribadeo</p> <ul style="list-style-type: none"> 1_ Localidade de Ribadeo 2_ Parque do Cargadeiro 3_ Pazo de Ibáñez e Torre dos Morenos 4_ Rúa de San Roque 5_ Localidades de Vilaosende, Anzás, O Valín, Cubelas, Ferreiras, Curros e O Castro <p>Mondoñedo</p> <ul style="list-style-type: none"> 6_ Catedral-basílica da Asunción 7_ Seminario de Santa Catarina 8_ Hospital de San Paulo 9_ Santuario dos Remedios 10_ Lugares de Curros, Miravales, A Valiña, Monte Maior, Suarriba, Penas, Fabás, O Areal e A Moura <p>Vilalba</p> <ul style="list-style-type: none"> 11_ Casco histórico 12_ Parador Torre dos Andrade | <p>día 2
Vilalba</p> <ul style="list-style-type: none"> 13_ Bustelo 14_ Ponte de Meire <p>Guitiriz</p> <ul style="list-style-type: none"> 15_ Xestoso 16_ O Vilariño 17_ Saá 18_ Área recreativa de San Xoán 19_ Serra da Cova da Serpe 20_ O Sanguineiro 21_ Pardiñas <p>Curtis</p> <ul style="list-style-type: none"> 22_ A Pedreira 23_ Foxado 24_ A Baiúca 25_ Teixeiro <p>Sobrado dos Monxes</p> <ul style="list-style-type: none"> 26_ Mosteiro de Santa María de Sobrado 27_ Lagoa de Sobrado <p>Arzúa</p> <ul style="list-style-type: none"> 28_ Localidade de Arzúa | <p>día 3
Arzúa</p> <ul style="list-style-type: none"> 29_ Fervenza das Hortas 30_ Museo Vivente do Mel 31_ Encoro de Portodemouros <p>O Pino</p> <ul style="list-style-type: none"> 32_ Pedrouzo <p>Santiago de Compostela</p> <ul style="list-style-type: none"> 33_ Monte do Gozo 34_ Casco histórico <p>día 4
Santiago de Compostela</p> <ul style="list-style-type: none"> 35_ Catedral 36_ Rúas do Franco e A Raiña 37_ Alameda 38_ Parque de San Domingos de Bonaval <p>día 5
Santiago de Compostela</p> <ul style="list-style-type: none"> 39_ Mercado de Abastos |
|---|---|--|

| día 1 |

A aventura arranca en Ribadeo

Ribadeo é unha localidade lucense e un dos enclaves estratéxicos e turísticos da costa cantábrica galega, separada de Asturias pola estreita e encaixada ría-estuario de Ribadeo. Aconsellámosvos que vos instaledes na vila a véspera nalgún dos hotéis, pensións, casas ou apartamentos rurais que conforman a oferta de aloxamento desta poboación, accesible pola Autovía do Cantábrico (A-8), a N-634 e a N-640.

A localidade descansa sobre a desembocadura do río Eo no mar e o seu porto é un dos de maior tradición xacobeá. Se vos animades a madrugar un pouco, no **Parque do Cargadeiro**, ao norte da **Ponte dos Santos**, teredes unha vista espectacular da vila co **Faro de Illa Pancha** ao fondo.

A localidade é conxunto histórico-artístico e o seu emblema a arquitectura civil de entre os séculos XVIII e XX. No centro atópanse os mellores exemplos, como o **pazo neoclásico de Ibáñez**, que é a actual Casa Consistorial. E, en fronte, a **Torre dos Morenos**, edificio modernista, un dos máis representativos de Ribadeo. A dúas mazás, tamén podemos ver as casas indianas da **Rúa de San Roque**.

Os lamazais porán a proba a habilidade do condutor

Se contratáchedes un paquete turístico, a media mañá recolleravos o guía e o condutor dos todo terreos. Dende Ribadeo pasaremos polas localidades de **Vilaosende, Anzás, O Valín, Cubelas, Ferreiras, Curros e O Castro**. O traxecto discorre por pistas aptas para a circulación deste tipo de vehículos.


A ruta comeza entre paisaxes de amplos prados verdes, campos de pasto e labranza nos que abunda o gando vacún e ovino. Pero pouco a pouco o terreo adquire maior altura, mentres circulamos paralelos á costa, cunhas vistas fantásticas do mar Cantábrico e os **areais de Reinante**.

Conforme nos afastamos da costa, os prados deixan paso a zonas de bosque e vemos como a fauna doméstica se substitúe pola salvaxe. Nesta parte os lamazais porán a proba a pericia do condutor ao volante, se o vehículo se ve atrapado nalgún deles. Esta circunstancia dános a oportunidade de aprender e practicar as técnicas de autorrescate dominadas polos expertos que nos acompañan. Trala emocionante experiencia continuamos o noso percorrido ata atopar o lugar idóneo onde facer un alto para degustar o pícnic nun típico contorno campestre.

Debemos ter en conta que estamos en territorio da **Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón**, de importante valor ambiental e paisaxístico, que en Galicia se configura arredor das concas fluviais do Eo e o Miño.

Camiño cara á cidade histórica de Mondoñedo

Unha vez descansados partiremos cara a Mondoñedo, cidade histórica no Camiño do Norte e unha das sete antigas capitais de Galicia. Intentaremos chegar a primeira hora da tarde para achegámonos ao seu rico patrimonio arquitectónico e artístico, moi ben conservado. A **catedral-basílica da Asunción**, Monumento Nacional, é o emblema do seu pasado histórico como cidade episcopal. No seu interior sorprende como a luz se tingue de múltiples cores ao atravesar as vidreiras do rosetón oxival que adorna a súa fachada, realizado no século XIV. No noso paseo descubriremos máis edificios valiosos como o **Seminario de Santa Catarina**; o **Hospital de San Paulo** ou o **Santuario dos Remedios**, entre outros.



> Barrio dos Muíños. Mondoñedo



> Mondoñedo



> Ribadeo



> Ribadeo

En Vilalba probamos o típico queixo afumado

Rematada a visita subimos aos 4x4 para transitar de novo por pistas de terreo alternativas ao asfalto e de grande interese paisaxístico. O itinerario é o seguinte: de Mondoñedo volvemos a **Curros** para dirixirnos a **Miravales** e, en **A Valiña**, subir a **Monte Maior**. Despois de **Suarriba**, baixamos cara a **Penas** e pasamos por **Fabás**, **O Areal** e **A Moura**. Dende aquí dirixímonos a Vilalba, capital da Terra Chá, a onde chegamos para cear.

Aconsellámosvos ir de tapas polos mesóns, tabernas e locais do casco histórico e catar os seus excelentes produtos, como o estupendo queixo afumado da Denominación de Orixe San Simón da Costa. E non perdades de vista a **Torre dos Andrade**, o símbolo da vila convertido en Parador, que se suma á oferta hoteleira de calidade da poboación.



> Parador de Vilalba



> Serra da Cova da Serpe

Na Serra da Cova da Serpe veremos coellos, esquíos, musarañas e ata aguias e falcóns


| día 2 |

De Vilalba a Arzúa

Tralo almorzo, saímos de Vilalba cedo para achegármonos a **Bustelo** pola LU-6517 e cruzar o **río Labrada** en **Ponte de Meire**. Se as enchentes do río, especialmente en épocas de chuvia, inundaron o camiño habitual pode que debamos variar o noso percorrido. A neve e os ríos formados do desxeo serán os nosos compañeiros de viaxe, segundo a época do ano.

De aquí a **Xestoselo**, cruzamos a LU-170 á altura do **Vilariño** para continuar en dirección **Saá**. Os montes que atravesamos teñen unha altura de máis de 800 metros, que nos permiten obter unha espléndida vista dos vales. Comezamos o descenso e, despois dun parque eólico, podémonos deter na **área recreativa de San Xoán** e o seu encoro.

Despois, continuamos co descenso para cruzar a A-6, a N-VI e a vía férrea para, empregando o antigo e deteriorado asfalto da primitiva N-VI, internármonos na **Serra da Cova da Serpe**. Neste sistema montañoso viven xabarís, zorros e lobos, aínda que resulta difícil velos. É probable que atopemos coellos, perdices, esquíos e outros pequenos animalíños como musarañas, ratos de campo, cobras e serpes. Tamén é habitual divisar aguias, córvidos e falcóns. Segundo imos baixando cara a Teixeiro os bosques de piñeiros van deixando paso aos pastos e os seus habitantes naturais, as vacas, xa que esta é zona de gran produción leiteira.



> Mosteiro de Sobrado dos Monxes

Paramos a comer en Teixeiro, cocido ou bacallau ao forno

Seguimos achegándonos á A-6, pasando antes polo **Sanguineo**, e en **Pardiñas** cruzámola circulando paralelos a ela ata a N-634. Axiña a abandonamos para rodear Teixeiro pola **Pedreira**, atravesar a AC-231 na poboación de **Foxado** e, despois da **Baiúca**, rematar en **Teixeiro**. Faremos unha parada nesta localidade para almorzar un bo cocido ou un bacallau ao forno, cuns ricos **feixós** (filloas) de sobremesa, especialidades dos restaurantes locais.

De Sobrado dos Monxes a Arzúa

A ruta da tarde é máis tranquila, aínda que non exenta de emocións, pois teremos que vadear algún río para chegar ao noso destino. A primeira parada será en Sobrado dos Monxes a media tarde. Podemos aproveitar para visitar o **Mosteiro de Santa María de Sobrado**, Monumento Nacional, fundado hai máis de mil anos. Dende aquí, nun pequeno paseo podemos acchegármonos á **lagoa de Sobrado**, rodeada de prados naturais e manchas de piñeiro e ameneiro nun contorno montañoso e agrícola de gran beleza paisaxística.

Ao rematar a visita, xa sobre as catro rodas, alcanzaremos **Arzúa**. Podemos aloxarnos nalgún dos seus hoteis, pensións ou nas próximas casas de turismo rural; e cear no aloxamento escollido ou en calquera outro establecemento de restauración da poboación.

De Arzúa a Santiago de Compostela

Unha ferverza de 32 metros e un museo dedicado ao mel

Cando esteades listos pola mañá suxerímosvos que vos acheguedes a un recurso natural de gran beleza, moi próximo á aldea de Dombodán. Trátase da **Ferverza das Hortas**, unha ferverza do río Saímes, xusto antes da súa confluencia co Ulla, de 32 metros de caída dobre.

Tamén está preto **Portodemouros**, onde se localiza o **Museo Vivente do Mel**, que podemos visitar se somos amantes da apicultura ou dos seus produtos ou se nos atrae a etnografía. Aquí revélannos como cultivaban o mel os nosos antepasados. No exterior podeades admirar a reprodución dunha alvariza chea de cortizos, trobos e covos e un chineiro tradicional. Como contrapunto veremos un apiario moderno e no interior podemos seguir os procesos de extracción, decantación e envasado do mel. Na tenda atoparemos todo tipo de produtos relacionados coas abellas: mel, pole, xelea real e mesmo cosméticos.

A media mañá e se o tempo acompaña, un baño no **encoro de Portodemouros** pode darnos enerxías para reemprender a ruta por estrada.

Comemos galo no Pino

Na etapa do Camiño Arzúa-O Pedrouzo e entre este e Santiago é posible facer a ruta en 4x4 por pistas anchas e accesibles que discorren próximas ao trazado histórico. Pararemos a comer no **Pedrouzo**, concello do Pino, onde a especialidade é o Galo Piñeiro, unha raza de galos autóctona que se pode degustar ao forno ou en guiso. A súa festa gastronómica celébrase a principios de agosto.



> Boente. Arzúa



> Ferverza das Hortas

Chegamos a Santiago de Compostela

Pola tarde subimos de novo ao todo terreo para iniciar un percorrido que transcorre polas inmediacións da **Lavacolla** e nos achega ao **Monte do Gozo**, unha pequena elevación dende a que os peregrinos ven por primeira vez as torres da catedral. Dende o Ano Santo do 93 transformouse nunha zona dotada de todos os servizos para peregrinos: albergues, hotel, restaurante e cafeterías. Se nos apetece palpar o ambiente da peregrinación xacobeá antes de chegar a Santiago este é o lugar idóneo.

Alcanzamos Santiago de Compostela ao atardecer, polo que teremos que pospor a visita á catedral para o día seguinte. Pero podemos gozar dun percorrido polas animadas rúas do **casco histórico** mesturándonos entre peregrinos, universitarios, turistas e composteláns. Para cear, aconsellámosvos ir de tapas poas rúas da zona vella, onde atoparedes as típicas racións galegas de empanada, polbo á feira, carne ao caldeiro, berberechos, mexillóns, raxo, zorza, pementos de Padrón, xoubas ou mesmo orella, entre outras. Regarémolas con viño das diferentes denominacións de orixe de Galicia, sen esquecer a **Torta de Santiago** de sobremesa. En canto ao aloxamento, Santiago conta cunha variada oferta hoteleira que se adapta a todos os gustos e necesidades.

“Por el Camino de Santiago,
los caminantes vienen levantando
nubes de polvo heroico
desde hace ya muchos siglos”.

Camilo José Cela



> Monte do Gozo


Descubrimos os tesouros que garda a Catedral de Santiago

Visita ás cubertas da catedral

Despois de almorzar propoñémosvos coñecer a catedral dende unha perspectiva diferente, subindo ás súas cubertas. Trátase dunha visita guiada que inclúe dous percorridos consecutivos. Primeiro o do **Pazo de Xelmírez**, unha das principais construcións civís do románico español e centro do poder feudal exercido pola igrexa en Santiago. Asombraravos a gran bóveda de crucería de 32 metros de lonxitude do Salón Sinodal, cuxas ménsulas están decoradas con escenas dun animado banquete.

Logo ascendemos polas estreitas escaleiras da **Torre do Palacio** para percorrer os tellados graduados do templo en toda a súa extensión, o que nos permitirá entender moito mellor as distintas idades da catedral e os seus respectivos estilos. Teremos ao alcance da nosa man as torres, cúpulas e pináculos da catedral. E coa vista dominaremos os tellados de Santiago ata perdérmonos nos montes circundantes.

Despois entramos na catedral dende a **Praza do Obradoiro**, coa impresionante fachada barroca presidida polo Apóstolo Santiago de peregrino con capa e bastón. Ascendemos pola dobre escalinata do templo e no interior topamos coa magnífica vista do **Pórtico da Gloria**, obra mestra da escultura románica española. De novo o Apóstolo Santiago no parteluz, onde a media altura tamén acharemos as pegadas dos peregrinos afundidas no mármore. Son moitos os tesouros e ritos que esconde a catedral, entre eles abrazar ao Apóstolo ascendendo ao camarín do altar maior ou deterse ante as súas reliquias, gardadas nunha urna de prata na cripta.



> Catedral

Comemos no casco histórico e exploramos os seus xardíns

Chegada a hora de comer, aconsellámosvos probar os excelentes peixes en caldeirada ou á galega. E os mariscos das rías galegas, preparados ao vapor, á grella ou acompañados de salsas diversas. Atoparemos estes manxares nos restaurantes ou marisquerías da **Rúa do Franco**, **A Raiña** e outras do contorno.

Pola tarde animámosvos a descubrir os xardíns e parques do casco histórico. O máis popular, a **Alameda**, pulmón verde. O Paseo dos Leóns proporciónanos unha das mellores vistas frontais da catedral, sobre todo coa luz do atardecer. Camelias centenarias, eucaliptos xigantes, vellas carballeiras, esculturas, fontes e mesmo algunha igrexa entreterán o noso percorrido.

Outro estupendo miradoiro sobre a cidade é o **Parque de San Domingos de Bonaval**, asentado na ladeira oeste do Monte da Almáciga. Conta con espazos de gran beleza e moi singulares, como un cemiterio desacralizado, cuxa especial acústica e ambiente fai que o contorno se empregue como escenario de espectáculos musicais.

Para a cea propoñémosvos probar algún dos pratos creados polos *chefs* da nova cociña galega nos restaurantes de autor da cidade.



> Cubertas da catedral

Despedímonos de Santiago no Mercado de Abastos

Como despedida da cidade, unha visita ao Mercado de Abastos resulta unha experiencia enriquecedora. É un lugar vivo onde atoparse con moitos composteláns e con todo o que o mar e a terra galega producen. Peixes e mariscos frescos da ría, excelentes carnes, queixos artesanais, mel, flores... e mesmo polos de curral vivos ou outros produtos das hortas próximas véndense nesta praza. No seu contorno existen restaurantes que por un prezo accesible nos prepararán os produtos adquiridos no mercado.

Os restos do Apóstolo están custodiados nunha urna de prata, na cripta da catedral



> Parque de San Domingos de Bonaval



> Mercado de Abastos

Camiño Francés a caballo



Propoñémosvos unha viaxe para compartir en grupo unha semana emocionante percorrendo a caballo o Camiño Francés en Galicia. Esta ruta milenaria é a máis coñecida do Camiño de Santiago. É Patrimonio da Humanidade e Primeiro Itinerario Cultural Europeo. En 2004 recibiu o premio Príncipe de Asturias da Concordia. O noso periplo arranca no Cebreiro.



INICIO_
O Cebreiro

FIN_
Santiago de Compostela

XORNADAS_8

MÁIS INFORMACIÓN
→ Museo Etnográfico do Cebreiro. Tel_ **982 369 025**
→ Mosteiro de San Xulián de Samos_ www.abadiadesamos.com
→ Consello Regulador da D.O. P. Arzúa-Ulloa_ www.arzua-ulloa.org
→ Oficina do Peregrino (Santiago)_ www.oficinadelperegrino.org
→ Catedral de Santiago_ www.catedraldesantiago.es



EXPERIENCIA



día 1 |
Pedrafita do Cebreiro
1_ Aldea do Cebreiro
2_ Museo Etnográfico
3_ Igrexa de Santa María A Real

día 2 |
Pedrafita do Cebreiro
4_ Lugares de Liñares – Alto de San Roque – Hospital da Condesa – Alto do Poio
Triacastela
5_ Localidade de Triacastela
6_ San Cristovo
Samos
7_ Capela do Ciprés
8_ Mosteiro de San Xulián de Samos

día 3 |
Samos
9_ Localidade de Samos
Sarria
10_ Rúa Maior
11_ Ponte da Áspera
12_ Igrexa de Santiago
13_ Barbado

Paradela
14_ Ferreirós
Portomarín
15_ Encoro de Belesar
16_ Igrexa de San Xoán

día 4 |
Portomarín
17_ Aldeas de Castromaior – Ventas de Narón – A Previsa – Os Lameiros (Capela de San Marcos)
Monterroso
18_ Ligonde
Palas de Rei
19_ Mosteiro de Vilar de Donas
20_ Castelo de Pambre

día 5 |
Palas de Rei
21_ Campo dos Romeiros
22_ Poboacións de Aldea de Riba e San Xulián
23_ Río Pambre
Melide
24_ Aldea de Leboeiro (cabazo e Igrexa de Santa María)
25_ Ponte de Furelos

Arzúa
26_ Castañeda – Ribadiso – Arzúa

día 6 |
Arzúa
27_ Igrexa da Magdalena
O Pino
28_ Salceda – Arca
Santiago de Compostela
29_ A Lavacolla – San Marcos – Monte do Gozo (monumento ao Peregrino)

día 7 |
Santiago de Compostela
30_ Monte do Gozo
31_ Praza do Obradoiro
32_ Oficina do Peregrino
33_ Catedral
34_ Rúa do Franco
35_ Casco antigo

día 8 |
Santiago de Compostela
36_ Cubertas da catedral

Recollida dos participantes e traslado ata O Cebreiro

Os técnicos valorarán a nosa experiencia como xinetes

As viaxes organizadas a caballo son unha boa opción para que gocedes de maneira diferente do Camiño Francés, a máis coñecida das rutas de peregrinación a Santiago. Deixaremos en mans de profesionais a loxística requirida para o coidado dos animais. Encargaranse, ademais de ofrecernos un guía, de todo o material e axuda necesaria en ruta, aloxamento, manutención, traslados ao punto de inicio do Camiño e de volta aos nosos destinos, vehículos de apoio e portaequipaxes necesarias durante a realización das etapas.


A peregrinación durará sete días e seis noites. Distribúense en cinco etapas ecuestres, de entre seis e sete horas de duración cada xornada. Inclúense visitas a lugares de interese por tradición xacobeá ou relevancia histórica, artística, arquitectónica ou paisaxística. Os cabalos poden ser de raza española, inglesa ou árabe, de carácter máis dócil e máis brioso, segundo a nosa preferencia e en función da experiencia como xinetes que demostramos e que valorarán os técnicos da organización.



> Pallozas. O Cebreiro



> Alto de San Roque. O Cebreiro



> Santuario do Cebreiro

No Cebreiro coñeceremos as típicas pallozas

Pola tarde chegaremos ao Cebreiro, unha aldea de orixe prehistórica a 1.300 metros de altitude entre as serras dos Ancares e O Courel, declarada Conxunto Histórico-Artístico Nacional. Teremos tempo de percorrer esta poboación máxica e moi antiga que se levanta na montaña como unha aldea de conto.

Aquí consérvanse as pallozas, exemplo vivo de adaptación do home ao medio. O seu teito de palla ben tupida soporta o peso da neve e resiste a forza do vento da montaña. E as súas paredes de pedra baixa teñen ventás pequenas e as portas necesarias para dar servizo a animais e persoas, que noutros tempos convivían no seu interior. Unha delas alberga o **Museo Etnográfico**, que poderemos visitar para comprobar como se vivía aquí dende hai séculos e ata hai pouco. Outras recuperáronse como preciosas pousadas de peregrinos, onde é posible aloxarse.

Un relicario doado polos Reis Católicos

Durante o percorrido tamén podemos visitar a **igreja prerrománica de Santa María A Real**. No seu interior atópase a **Capela do Santo Milagre**. Nunha vitrina gárdase o "Santo Grial", o cáliz e a patena, xoias do románico, onde din que se obrou o milagre eucarístico da conversión da hostia e o pan no sangue e o corpo de Cristo. Tamén veredes un relicario doado polos Reis Católicos para gardar as reliquias.

Na cea recomendámosvos degustar a gastronomía do lugar, baseada en produtos autóctonos, tanto de curral como embutidos. Na sobremesa non debemos renunciar ao tradicional **queixo do Cebreiro**, que conta con Denominación de Orixe, acompañado de mel da zona.

Do Cebreiro a Samos

Erguerémonos a primeira hora da mañá e tras un bo almorzo enselamos os cabalos e iniciamos o Camiño. Pasaremos por **Liñares**, subindo por entre as casas ata a igrexa románica; o **Alto de San Roque**, onde nos atopamos coa estatua dun peregrino contemplando a paisaxe; e o **Hospital da Condessa**, atravesando a súa vistosa calzada de pedra; e o **Alto do Poio**. Todos eles lugares de gran beleza e valor paisaxístico.

Paramos a comer en Triacastela

Chegaremos sobre a hora da comida a Triacastela, que xa figuraba como undécima etapa do Camiño no Códice Calixtino. É unha poboación pequena que vive arredor da tradición xacobeá, en cuxo centro vemos como se concentran as pousadas para os peregrinos. Pararemos a comer e descansar nun mesón á saída da localidade.

A primeira hora da tarde reemprendemos o Camiño pola variante de Samos, que se desvía cara ao sur polo contorno do **río Sarria**. Sáennos ao paso numerosos exemplos de arquitectura popular e paisaxes de arboredos autóctonos, carballeiras e soutos, accidentes xeográficos e ríos. Chegamos a **San Cristovo** e descendemos xunto ao **río Oribio**, cruzado por dúas pequenas pontes, mentres o noso trote discorre entre frondosos castiñeiros.



> Igrexa de San Nicolás. Portomarín



> Ponte romana. Portomarín



> Fachada do Mosteiro de Samos

Chegamos a Samos, onde podemos cear troitas e anguías

Pasamos varias aldeas ata que chegamos a Samos, final da nosa etapa. Visitamos a **capela mozárabe do Ciprés**, declarada Monumento Nacional, chamada así pola corpulenta árbore que a acompaña. E tamén o famoso **Mosteiro de San Xulián de Samos**, declarado Ben de Interese Cultural, que conta con hospedaxe onde repoñer forzas e descansar. Chama a nosa atención a súa enorme dimensión e a súa variedade de estilos, debido a que se foi construíndo en varias épocas. Durante a cea podemos degustar as afamadas troitas e anguías dos ríos Oribio e Sarria.



> Mosteiro de Samos

De Samos a Portomarín

Dende Sarria xa se gaña a “Compostela”, documento de orixe medieval que acredita a realización do Camiño

Despois do almorzo volvemos enselar os cabalos para ir deixando atrás o fermoso e fértil val de Samos e chegar a unha das localidades máis importantes do Camiño, Sarria. Se é cedo, pola **Rúa Maior** veremos unha fervedeira de peregrinos, pois xúntanse os que proceden de etapas anteriores cos que o inician aquí. Dende Sarria o peregrino xa gaña a “Compostela”, documento medieval que acredita a realización do Camiño e que só se obtén alegando motivos relixiosos. Se as motivacións son outras concederannos unha Certificación do Peregrino.

Descendemos a poboación e atravesamos a preciosa **ponte da Áspera** e logo continuamos por medio dunha antiga carballeira ata chegar a **Barbadelo**, onde podemos visitar a **igrexia románica de Santiago**, Monumento Nacional. Na vila paramos a comer.

Descansados seguimos a cabalgar mentres pasamos por distintos lugares ata chegar a **Ferreirós**, primeira poboación da Ribeira Sacra lucense. A paisaxe alterna aldeas típicas de teitos de lousa cos prados de vacas pastando. Máis adiante obtemos a primeira visión do río Miño no **encoro de Belesar**, que atravesamos pola ponte ata chegar a Portomarín, importante referencia xacobeá.

En Portomarín é típica a empanada de anguía e a augardente

A antiga poboación de Portomarín asolagouse ao construírse o encoro, non sen antes trasladar pedra a pedra varios edificios, entre eles a **Igrexa de San Nicolás** (hoxe San Xoán), moi particular por ter estrutura de fortaleza e unha rica decoración exterior. É posible ver as ruínas da poboación e a antiga ponte aflorar das augas do encoro cando o seu nivel é baixo. Numerosos albergues e pousadas recíbennos na localidade. Para cear non esquezamos que a empanada de anguía e a torta de améndoas, acompañada da afamada augardente de Portomarín, son pratos típicos desta cociña.

En Ligonde pasaron a noite Carlos V e o seu fillo Felipe II, os peregrinos máis ilustres que o Camiño tivo no século XVI

| día 4 |

De Portomarín a Palas de Rei

Pola mañá cedo, tras un bo almorzo, empezamos a cabalgar e axiña nos introducimos por sendeiros entre masas de piñeiros e carballos. Pasamos polas aldeas de **Castromaior**, **Ventas de Narón**, **A Previsa** e **Os Lameiros**, onde está a **Capela de San Marcos**, entre carballos centenarios.

Chegamos a Ligonde, onde pasaron a noite os peregrinos máis ilustres que o Camiño tivo no século XVI, Carlos V e o seu fillo Felipe II. De grande importancia foi o seu hospital e aínda hoxe se conserva un antigo cemiterio de peregrinos e unha gran cruz de pedra, "**O Cruceiro**", das máis representativas do Camiño. Nesta poboación deterémonos a xantar; poderemos degustar cocido galego, churrasco ou carnes de tenreira ou cordeiro, sen esquecermos dunha sobremesa con queixo cremoso da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa.

En Palas de Rei visitaremos o Castelo de Pambre, a única fortaleza que resistiu os ataques irmandiños na Idade Media

Pola tarde, apartándonos do Camiño atopáronos co **Mosteiro de Vilar de Donas**, moi preto de Palas de Rei. As "donas" foron dúas mulleres nobres que fomentaron a súa construción. As súas figuras vense nas pinturas murais do século XIV que hai no seu interior. Arredor do templo atopáredes as tumbas dos cabaleiros da Orde Militar dos Cabaleiros de Santiago, encargados de protexer o Camiño.

Palas de Rei atesoura múltiples e valiosos templos románicos, pazos e **castelos medievais como o de Pambre**, a única fortaleza que resistiu os ataques irmandiños na Idade Media. Logo procuramos onde cear entre os varios restaurantes, mesóns e adegas da localidade, sen renunciar tampouco aquí a uns entrantes de **queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa**, tanto de granxa como curado. A localidade conta con varios albergues e unha completa oferta de aloxamento.



> Castelo de Pambre. Palas de Rei



> Mosteiro de Vilar de Donas. Palas de Rei



> Polbo á feira

Na parroquia de Castañeda, en Arzúa, localizábanse os fornos de cal para realizar as obras da Catedral de Santiago

| día 5 |

De Palas de Rei a Arzúa

Almorzamos e enselamos os cabalos na parte baixa da vila de Palas de Rei, coñecida como **Campo dos Romeiros**, ao lado da súa nave gandeira, onde dormen os equinos e se celebran as famosas feiras de gando e produtos agrícolas da zona.

Abandonamos a vila e pasamos polas preciosas poboacións de **Aldea de Riba** e **San Xulián**, sucadas de arroios e á sombra de antigos carballos. Estamos a cruzar as terras que inmortalizou Emilia Pardo Pazán na súa novela *Los pazos de Ulloa*. Separándonos varios quilómetros do Camiño atravesamos a paisaxe da conca do río Pambre, co seu castelo; o río baña os seus cimentos, onde vemos os muíños de auga, as pontes de madeira e a vexetación de ribeira.



> Leboreiro. Melide



Chegamos a Melide, famoso polos seu polbo á feira

Más adiante, na aldea de **Leboreiro**, atopamos o lugar ideal para unha foto de grupo sobre o fondo dun cabazo, hórreo circular semellante a un canastro con teito de palla e a **igrexia medieval de Santa María**.

Axiña chegamos a Melide, atravesando a **ponte medieval de Furelos**, unha das xoias da arquitectura civil do Camiño. Aa vila é famosa polo seu tradicional polbo á feira, cuxa preparación aquí ten xusta sonda e por iso pararemos a degustar unhas racións acompañadas de pan de centeo.

Logo saímos de Melide en descenso, por medio de arroios e dun eucaliptal. Chegamos a **Castañeda**, onde se localizaban os fornos de cal para realizar as obras de construción da Catedral de Santiago, que os peregrinos abastecían con pedras calcarias traídas nas súas bolsas dende as montañas do Cebreiro e Triacastela.

Pasamos **Ribadiso**, aldea onde se acha un dos albergues de peregrinos máis bonitos do Camiño, de casiñas rehabilitadas, lareira no comedor e un xardín con escaleiras directas ao río Iso. Ao chegar a Arzúa atopamos todo tipo de servizos ao peregrino. Aquí ceamos e pasamos a noite.

| día 6 |

De Arzúa ao Monte do Gozo

Abandonamos Arzúa despois do almorzo, onde poden servirnos as súas ricas **rosquillas**, **melindres** e un pouco do seu afamado **queixo**. Tamén nos despedimos da **Igrexa da Magdalena** e dunha preciosa alameda con plataneiros e os monumentos ao famoso queixo de tetilla.

Cruzamos frondosos arboredos, pasando por **Salceda e Arca**, no concello do **Pino**. Os xinetes faremos aquí unha parada para descansar e afrontar o último tramo ata **A Lavacolla**, onde antano os peregrinos se lavaban no río antes de entrar en Compostela. Almorzamos e preparámonos para chegar a **San Marcos** e ao **Monte do Gozo**.

O Monte do Gozo é un lugar de indescribíbles emocións, pois é dende este outeiro onde se contempla o perfil das torres da catedral por primeira vez. Dende o Xacobeo 93 a zona acondicionouse con bonitas áreas de recreo e dotouse de múltiples servizos dirixidos aos peregrinos: albergues, restaurantes, hotéis, bares, capela e fonte. É o lugar perfecto para compartir todas as anécdotas e vivencias do Camiño con compañeiros e outros peregrinos. E, por suposto, coroar o día cunha foto de grupo ante o **monumento ao Peregrino**, antes de ceiar e irmos descansar.



> Botafumeiro

*“Verás la maravilla del Camino,
Camino de soñada Compostela
-¡oh monte lila y flavo!-, peregrino,
en un llano, entre chopos de candela”.*
Antonio Machado



> Catedral de Santiago de Compostela

| día 7 |

Debemos entrar na cidade de Santiago antes das nove da mañá

Tralo almorzo cabalgamos ata a cidade Santa de Santiago. As normas municipais establecen que a chegada dos peregrinos a caballo debe ser anterior ás nove da mañá. Recalamos na imponente **Praza do Obradoiro**, rodeados de pedra feita arte. Será o momento dunha última foto cos animais ante a magnífica fachada barroca da **catedral**, para que a organización se encargue do seu traslado.

Na Oficina do Peregrino recibimos a “Compostela”

Despois recomendámosvos que vos dirixades á Oficina do Peregrino, moi próxima á catedral, na **Rúa do Vilar**, para obter o selo final nas credenciais de peregrino e o certificado tradicional da peregrinación, a coñecida “Compostela”, se alegamos motivos relixiosos. Doutro modo concederannos a Certificación do Peregrino.

Aproveitamos para percorrer as fachadas catedralicias antes da **Misa do Peregrino**, celebrada no templo ás doce do mediodía. No seu interior podedes darlle o tradicional abrazo ao Apóstolo, no altar maior; visitar as súas reliquias, gardadas nunha urna de prata labrada na cripta; e

marabillarvos ante a obra cume do románico, o **Pórtico da Gloria**. Se a vosa chegada se produce en datas litúrxicas sinaladas, entón asistiredes ao espectáculo inesquecible do **botafumeiro**, un incensario xigante que percorre o transepto nun voo pendular, case rozando a bóveda, grazas á forza e habilidade de oito tiraboleiros.

E, para comer, os mellores peixes, carnes e mariscos de Galicia

Á hora de comer, Santiago ofrece o máis selecto da gastronomía galega. Na próxima **Rúa do Franco** atoparedes as mellores carnes, peixes e mariscos expostos en vitrinas refrixeradas e en acuarios ás portas dos restaurantes.

Pola tarde animámosvos a percorrer as rúas empedradas do **casco antigo**, repleto de monumentos, museos, salas de exposicións e maravillosos parques urbanos que vos encantarán descubrir, ata a hora de ceiar. O Santiago nocturno tamén é toda unha revelación cando as pedras e os edificios se deixan aloumiñar pola iluminación dos farois, que nos mergulla nun ambiente de irrealidade.

Na Misa do Peregrino podemos asistir ao espectáculo do botafumeiro, impulsado por oito tiraboleiros

| día 8 |

Contemplamos Santiago dende as cubertas da catedral

Despois de almorzar suxerímosvos aproveitar o último día na cidade para descubrir Santiago dende unha perspectiva inusitada polas cubertas da catedral. Logo podedes rematar a estancia relaxándovos do esforzo do Camiño nun spa urbano. Moitos deles ofrecen circuitos termais especificamente dirixidos aos peregrinos, para que volvan aos seus fogares descansados e en plena forma.

Camiño Inglés en veleiro e mountainbike

Viviremos unha trepidante aventura emulando aos antigos peregrinos do norte de Europa e as illas Británicas, que antes de avanzar por terra á cidade Santa de Santiago desembarcaban no norte de Galicia. Unha costa que nos mostrará algúns dos cantís máis elevados de Europa na Serra da Capelada, onde tamén se abre paso o precioso Santuario de Santo André de Teixido. Navegaremos en veleiro ata Ferrol, onde iniciaremos o Camiño Inglés a Santiago de Compostela en bicicleta.



INICIO_

Cedeira

FIN_

Santiago de Compostela

XORNADAS_4

MÁIS INFORMACIÓN

- Castelo de San Felipe (Ferrol)_ aberto en verán de luns a venres de 10:00 a 18:00 h e en inverno de luns a domingo de 10:00 a 20:00 h
- Torreón dos Andrade (Pontedeume). Tel_ **981 430 270**
- Albergue de Bruma (Mesía). Tel_ **981 687 001**
- Oficina do Peregrino (Santiago)_ www.peregrinosantiago.es



EXPERIENCIA

día 1|

Cedeira

- Vila de Cedeira
 - Garita da Herbeira
 - Santuario de Santo André de Teixido
 - Porto de Cedeira
- ### Valdoviño
- Praia de Pantín
 - Punta Frouxeira
- ### Ferrol
- Cabo Prior
 - Praias de San Xurxo e Doniños
 - Porto de Curuxeiras
 - Paseo da Mariña
 - Barrio da Magdalena

día 2|

Ferrol

- Castelo de San Felipe
 - Porto de Curuxeiras
 - Barrios de Recemil e Caranza
- ### Narón
- Polígono industrial da Gándara
 - Ponte sobre o río Xubia
- ### Neda – Fene

Cabanas

- Praia da Madalena
- ### Pontedeume
- Ponte de Pontedeume
 - Praza do Conde
 - Torreón dos Andrade
 - Igrexas das Virtudes e de Santiago
 - Igrexa de Breamo

Miño

- Ponte sobre o río Baxoi
- Localidade de Miño

día 3|

Miño

- Rúa Real

Paderne

- Ponte do Porco
 - Localidade de Paderne
 - Lugares do Porto – Chantada
- ### Betanzos
- San Martín de Tiobre
 - Os Remedios
 - Igrexa de Santa María de Azougue
 - Igrexa de San Francisco
 - Praza dos Irmáns García Naveira
 - Parque do Pasatempo

Abegondo

- Ponte de Limiñón
- Ponte de Presedo
- Lugares de Francos – Bocelo – Valardel – A Malata

Mesía

- Albergue de Bruma

Ordes

- Lugares do Seixo – Carreira – Mámoas – A Carballeira – A Rúa
- Igrexa de San Paio de Buscás



día 4|

Ordes

- Lugar da Rúa
 - Muíño de Trabe
 - Ponte do Cubo
 - Outeiro de Abaixo
 - Igrexa de San Xulián de Poulo
 - Lugares de Senra – Carballo – Casanova de Pereiro
 - Ponte Pereira
 - Lugar de Carrás
- ### Oroso
- Baxoia
 - Ponte sobre o río Tambre

Santiago de Compostela

- Polígono do Tambre
- Meixonfrío
- Parque de Pablo Iglesias
- Avenida de Xoán XXIII
- Convento de San Francisco
- Facultade de Medicina
- Hostal dos Reis Católicos
- Praza do Obradoiro
- Oficina do Peregrino
- Catedral
- Rúa do Franco
- Rúa do Vilar

Navegamos en veleiro dende Cedeira ata Ferrol

Aconsellámosvos pasar a noite no contorno de Cedeira para aproveitar ao máximo a xornada do día seguinte. Na comarca de Ferrol existe unha variada rede de hoteis de ata catro estrelas que conviven con casas de turismo rural e outros establecementos con encanto.

Os cantís máis elevados de Europa

Despois de almorzar poñemos rumbo a un lugar coñecido como **Garita de Herbeira**, a onde accedemos dende Cedeira. De camiño é fácil ver cabalos salvaxes que pastan libres nos montes. A Garita é un miradoiro espectacular sobre a costa norte do Atlántico, enclavado no corazón da **Serra da Capelada**. Dende o pequeno edificio de cachotería de granito dominaredes unha panorámica colosal que vos descubrirá os cantís máis elevados de Europa, cunha caída case vertical sobre o nivel do mar de máis de 600 metros.



> Santuario de Santo André de Teixido



> Barrio da Magdalena, Ferrol

Moi preto localízase o Santuario de Santo André de Teixido. Un popular refrán proclama que alí “vai de morto quen non foi de vivo”. A capela atópase nunha encantadora poboación branca que xorde entre os cantís, no único punto onde as montañas se suavizan permitindo o seu encaixe. Dentro da capela atoparedes un orixinal retablo que acolle a imaxe manierista do Apóstolo Santo André. Chamaranvos a atención os exvotos deixados na ermida á espera da intercesión milagreira do santo; ou os **“sanandresiños”**, figurinas de cores feitas de pasta de pan que representan os símbolos da chegada de Santo André a estas terras.

Un refrán popular proclama que a
Santo André de Teixido
“vai de morto quen non foi de vivo”



> Garita de Herbeira

Un alto na travesía para bañarmonos nunha praia paradisíaca

Deixamos este lugar repleto de mitos, lendas e ritos e suxerímosvos continuar a pé ata Cedeira durante un traxecto de doce quilómetros de gran beleza natural. Para emular aos antigos peregrinos a Santiago procedentes do norte de Europa e das illas Británicas, que chegaban por barco ata estas costas, propoñémosvos que vos embarquedes a media mañá nun veleiro no **porto de Cedeira** navegando ata Ferrol.

O periplo pode durar entre tres e catro horas, en función dos ventos. A travesía permítenos contemplar unha costa agreste, salvaxe e indómita que pouco antes observábamnos en terra e participar como grumetes nas manobras do veleiro. Se o tempo é favorable podemos fondear en pequenas calas inaccesibles doutro xeito para darnos un baño ou facelo noutros areais máis coñecidos como o de Pantín, considerado un verdadeiro paraíso para o surf.

De tapas polo Ferrol Vello

Degustaremos a bordo ou na praia un pícnic especialmente preparado para a ocasión. No mar estade atentos pois non é raro avistar peixes lúa, caldeiróns ou grupos de golfinhos. Deixando atrás **Punta Frouxeira**, **Cabo Prior** e as linguas de area de **San Xurxo** e **Doniños** introducímonos na axustada ría de Ferrol ata o **porto de Curuxeiras**, no Ferrol Vello, acostumado dende séculos a recibir por mar aos peregrinos. Hoxe apreciamos tamén un incesante tráfico de barcos que veñen e van de Mugardos, unha pequena poboación mariñeira situada na outra beira.

Desembarcados e unha vez acomodados no establecemento escollido podemos percorrer con máis calma o Ferrol Vello o que nos quede de tarde. Detrás do **Paseo da Mariña** as rúas conservan o típico sabor mariñeiro. Á hora de cear suxerímosvos facer como os ferroláns, aos que lles encanta ir de tapas polo **barrio da Magdalena**, declarado Conxunto Histórico-Artístico.

Abandonamos Ferrol en bicicleta, rumbo a Miño

Visitamos o Castelo de San Felipe, que mandou construír Felipe II

Antes de partir polo Camiño Inglés coas nosas bicicletas de montaña, propias ou alugadas, non podemos marchar de Ferrol sen visitar o maxestoso Castelo de San Felipe, na parte máis estreita da ría. Formaba un auténtico triángulo de fogo para defender a cidade de ataques inimigos, xunto cos castelos de San Martín e A Palma, situados ao outro lado da ría. Esa foi a idea de Felipe II cando o mandou construír. É visitable dende as dez da mañá e no interior suxírennos un percorrido para coñecer os 32 puntos máis interesantes da colosal construción, ao tempo que aprenderemos léxico militar contemplando baterías, hornabeques ou caponeiras.



> Ferrol

De Ferrol a Pontedeume

Trala visita estamos listos para iniciar a primeira etapa sobre dúas rodas do Camiño Inglés que nos conduce a Miño. Partimos do **porto de Curuxeiras**, onde desembarcamos a véspera. Esta ruta xacobeá está perfectamente sinalizada durante todas as etapas e tamén na cidade, así que non será difícil orientarse pola rede de rúas e prazas ata os **barrios de Recemil e Caranza**, ás aforas.

Dende aquí chégase ao **polígono industrial da Gándara**, moi próximo a Narón. Despois virá **Neda**, tras pasar o muíño de marea e a **ponte sobre o río Xubia**. O itinerario continúa por **Fene e Cabanas**. No estuario do Eume, pasando a praia da Madalena, seguimos o Paseo Marítimo ata Pontedeume, que toma o seu nome da ponte do século XIV, unha construción emblemática do Camiño que cruzaremos. Na súa orixe posuía, ademais dun hospital de peregrinos, un total de 68 arcos, dos que hoxe só se conservan 15.



> Pontedeume



> Castelo de San Felipe. Ferrol

Comemos en Pontedeume e pasamos a noite en Miño

En Pontedeume pararemos a explorar o seu casco urbano e comer. Nas céntricas rúas de San Agustín, Os Ferreiros e Real atoparedes restaurantes onde saciar o apetito. Non esquezades pedir algún dos exquisitos doces da localidade, como a torta de Pontedeume, os melindres, a prolle ou o manguito eumés.

A **Praza do Conde**, o **Torreón dos Andrade**, que completaba o seu recinto amurallado, a **Igrexa das Virtudes** e a **Igrexa de Santiago** son algúns dos puntos de interese da vila. Retomamos o Camiño e, saíndo de Pontedeume, aconsellámosvos tomar un desvío cara á **Igrexa de Breamo**, onde ademais de visitar este templo románico obtededes unha ampla panorámica sobre as rías de Betanzos, Ares e Ferrol.

Más adiante unha curiosa ponte medieval dun único ollo sobre o **río Baxoi** condúcenos ao final da etapa en Miño, onde atopamos hospedaxes, pensións e casas rurais onde cear e pasar a noite.



> Igrexa de San Francisco, Betanzos

O Xardín Enciclopédico de Betanzos posuía estatuas de 265 papas, escritores e emperadores

| día 3 |

De Miño a Ordes

Tras un bo almorzo abandonamos Miño pola **Rúa Real** para encontrármolos de novo co mar. Seguindo a liña da costa, continuamos ata a **ponte medieval do Porco**, que cruza o río Lambre. Ao pé da ponte veredes tallada a escultura que representa o xabaril da nobre casa dos Andrade. Por zona de monte pasamos despois **Paderne** e logo **O Porto e Chantada**.

Visitamos Betanzos e as súas curiosas prazas e parques

Dende aquí comeza un descenso ata Betanzos, capital dunha das provincias do antigo Reino de Galicia. Esta baixada regálanos bonitas panorámicas da ría e a zona de marisma ata entrar na que foi unha das principais vilas de Galicia en tempos dos Reis Católicos.

O Camiño adéntrase por **San Martín de Tiobre**, onde está situado Betanzos o Vello, pasa a zona dos **Remedios** e de aí introdúcese no casco histórico por unha das portas conservadas da muralla medieval. Paga a pena achegarse ata as **igrexas de Santa María do Azougue** e, sobre todo, **San Francisco** polos sepulcros medievais que alberga no seu interior.



> Betanzos

O Camiño cruza a **Praza dos Irmáns García Naveira**, que podemos considerar o centro da localidade. Está presidida por unha rexia fonte, cunha escultura de Diana Cazadora de bronce fundido nun taller parisiense no século XIX. Suxerímonos que vos acheguedes ao **Parque do Pasatempo**, non moi lonxe do casco urbano e que vos sorprenderá pola súa enorme orixinalidade. Pódense ver restos das ruínas do Xardín Enciclopédico, formado por labirintos, fontes, canles e estatuas de ata 265 papas, escritores e emperadores. Construíuse entre 1893 e 1914 a instancias dos irmáns García Naveira, indianos benfeitores da poboación, a xeito dun pioneiro parque temático que xa se citaba nas guías de viaxes de entón.

Paramos a comer no albergue de Bruma, en Mesía

Abandonamos Betanzos, non sen antes provernos dun pequeno pícnic que levaremos nas alforxas da bicicleta para degustar no momento que nos entre o apetito durante o Camiño. A ruta ascende ata o concello de **Abegondo**, onde cruza a **ponte de Limiñón**, a de **Presedo** e segue en dirección a **Francos, Bocelo e Valardel**. O itinerario intérnase no monte chegando á **Malata**. Finalmente alcanzamos **Bruma**, onde hai un albergue de peregrinos e podemos parar a descansar e comer.

Fin da xornada en Ordes

Repousados reemprendemos o Camiño cara ao concello de Ordes. A ruta pasa polo **Seixo, Carreira, Mámoas e A Carballeira**, onde comeza un tramo polo monte que conduce ao lugar da **Rúa**. Aquí hai unha casa rural, exemplo das tradicionais casas de agras da comarca de Ordes, onde podemos cear e pasar a noite. Crese que as súas orixes están ligadas á próxima **Igrexa de San Paio de Buscás**, que podemos visitar. Outra opción é desvíarmonos cara á localidade de Ordes, poboación en plena travesía da N-550, que dispón de todos os servizos para cear e descansar.

De Ordes a Santiago de Compostela

Aconsellámosvos que vos ergades cedo e despois dun bo almuerzo continuar a ruta dende o lugar da Rúa. Déixase atrás o **Muíño de Trabe** e a **Ponte do Cubo** e continúaase cara a **Outeiro de Abaixo**, onde tomamos un sendeiro arborado que conduce á **Igrexa de San Xulián de Poulo** e logo a **Senra**.

O Camiño chega aos lugares de **Carballo**, **Casanova de Pereiro** e cruza a ponte de posible orixe medieval de **Ponte Pereira** para chegar a **Carrás**, zona de mananciais que en ocasións dificulta o paso. Logo continuamos cara a **Baxoia** e chegamos a **Sigüeiro**, onde atravesamos a **ponte sobre o río Tambre**. É curiosa a súa mestura de estilos, xa que ten catro arcos románicos e un gótico, debido a unha reparación feita no século XIV. Na actualidade a N-550 úsase para salvar este leito fluvial, famoso polas súas troitas.

Chegamos a Santiago de Compostela

En diante a etapa transcorre case en paralelo á N-550 ata o **polígono do Tambre**. Logo introducímonos en **Meixonfrío** e pouco despois sale ao noso paso o fermoso **Parque de Pablo Iglesias**, xa na cidade de Santiago.

Cada vez estamos máis próximos á catedral, só nos queda salvar a **Avenida Xoán XXIII**. Refuxiados baixo a gran marquesiña sostida por grandes piares con forma de cono invertido pódese contemplar o campus norte da Universidade e os seus parques; detrás Monte Pío e nun terceiro plano o Monte do Pedroso. Esta arteria de comunicación vincula a zona externa de Santiago co seu casco histórico.



“A Compostela se acerca uno como quien se acerca al milagro”.

Álvaro Cunqueiro



> Pórtico da Gloria



> Convento de San Francisco. Santiago de Compostela

A monumental Praza do Obradoiro e a catedral

Na zona monumental o primeiro edificio imponente que vemos é o **Convento de San Francisco**, á dereita e, inmediatamente despois, a **facultade de Medicina** e logo o **Hostal dos Reis Católicos**. Entre este antigo hospital de peregrinos, á dereita, e o máxico arco do Pazo de Xelmírez, á esquerda, descóbrense ante nós a Praza do Obradoiro.

Por fin podemos celebrar o éxito da nosa peregrinación ante a impresionante fachada da catedral, un magnífico pano barroco para este templo románico. Baixo a mirada do Apóstolo Santiago, que preside a fachada vestido de peregrino co seu bastón e a súa capa e flanqueado polas grandes torres de 74 metros que parecen escalar ao ceo, compartiremos a emoción con máis peregrinos.

Antes de entrar ao templo recomendámosvos ir á **Oficina do Peregrino** na Rúa do Vilar, anexa á praza catedralicia das Praterías. Conta con servizos de consigna, aparcadoiro de bicicletas e envío destas a destino. Selarannos a credencial e entregáranos a “Compostela”, documento de orixe medieval que acredita ter realizado o Camiño.

Ás doce podemos asistir á **Misa do Peregrino** na catedral, darlle o abrazo ao Apóstolo e visitar as súas reliquias descendendo á cripta, baixo o Altar Maior. Contemplaremos o **Pórtico da Gloria**, obra cume da escultura románica esculpida polo Mestre Mateo, onde se nos revela a visión apocalíptica da Xerusalén celeste.

Chega a hora da comida. Case en comunicación directa coa Praza do Obradoiro atópase a Rúa do Franco, así coñecida por ser o lugar onde en tempos se establecían os peregrinos franceses. Hoxe existe unha enorme oferta gastronómica con restaurantes de referencia e bares de tapas. Pareceranos curioso que moitos deles mostren á súa entrada os produtos en acuarios e cámaras refrixeradas.

Visita guiada ou audioguía

Se pasades a tarde en Compostela é imprescindible pasear arredor de todas as prazas catedralicias e polas rúas do casco antigo. Na **Rúa do Vilar** existen dúas oficinas de turismo, onde conseguir material útil e orientativo, solicitar unha visita guiada ou unha audioguía, que nos permite percorrer a cidade ao noso ritmo sen perder detalle de datos, anécdotas e lendas.

A Rúa do Franco debe o seu nome a que, noutros tempos, era o lugar onde se establecían os peregrinos franceses

Camiño Portugués e Ruta Xacobeá en barco

Propoñémosvos unha semana para coñecer o suxestivo trazado do Camiño Portugués dende Tui a Santiago. Durante o traxecto recrearemos a lenda da “Traslato” xacobeá por unha atractiva ruta marítimo-fluvial que ascende pola maior ría de Galicia e remonta o leito fluvial do río Ulla. Ao noso encontro sairán poboacións bañadas por augas doces e salgadas que inclúen unha catedral-fortaleza, pontes medievais e ata un conxunto de hórreos na beira do mar.



INICIO_
Tui
FIN_
Santiago de Compostela
XORNADAS_7


MÁIS INFORMACIÓN
→ Museo Provincial de Pontevedra_ www.museo.depo.es
→ Mosteiro de San Xoán de Poio. Tel_ **986 770 244** (mosteiro) / **986 770 000** (hospedaxe)
→ Museo do Pobo Galego (Santiago)_ www.museodopobo.es
→ Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago)_ www.cgac.org



5
EXPERIENCIA

- día 1|
Tui
1_ Casco antigo
2_ Convento das Clarisas
3_ Catedral
- día 2|
Tui
4_ Parroquia de Rebordáns (cruceiro, Ponte da Veiga, Capela Virxe do Camiño, Ponte das Febres)
5_ Aldea da Magdalena
6_ Ribadelouro
0 Porriño
7_ Capela de San Benito
8_ Igrexa de Santa María
Mos
9_ Igrexa de Santa Eulalia
10_ Pazo dos Marqueses de Mos
11_ Cruceiro dos Cabaleiros
12_ Alto de Inxertado
Redondela
13_ Miliaro romano de Vilar de Infesta
14_ Meseta de Chan das Pipas
15_ Convento de Vilavella
16_ Viaduto Pedro Floriani

- día 3|
Redondela
17_ Viaduto de Pontevedra
18_ Capela de Santa Mariña
19_ Setefontes
Soutomaior
20_ Arcade
Pontevedra
21_ Ponte Sampaio
22_ A Canicouva
23_ Santuario da Peregrina
24_ Casco histórico
25_ Marismas da Alba
26_ Illa das Esculturas
27_ Museo Provincial
Poio
28_ Mosteiro de San Xoán
- día 4|
Poio
29_ Combarro (praza de San Roque, praia de Padrón, hórreos)
0 Grove
30_ Porto
Ría de Arousa e río Ulla
31_ Percorrido en catamarán
Pontecesures
32_ Localidade de Pontecesures
Padrón
33_ Igrexa de Santiago
34_ Fonte do Carme
Caldas de Reis
35_ Localidade de Caldas de Reis (balnearios)
Padrón
36_ Localidade de Padrón



- día 5|
Padrón
36_ Localidade de Padrón
37_ Santuario da Escravitude
38_ Lugar de Angueira de Suso
Teo
39_ Rúa de Francos
Brión
40_ Castro Lupario
Teo
41_ Lugares de Osebe – Casalonga – Pedreira
Ames
42_ O Milladoiro
43_ Agro dos Monteiros
Santiago de Compostela
44_ Ruínas do Castelo da Rocha
45_ A Choupana
46_ Capela de Santa Marta

- 47_ Avenida de Rosalía de Castro
48_ Avenida de Xoán Carlos I
49_ Porta Faxeira
50_ Rúa do Franco
51_ Praza do Obradoiro
52_ Catedral
- día 6|
Santiago de Compostela
53_ Casco histórico
52_ Catedral
54_ Parque de Bonaval
55_ Museo do Pobo Galego
56_ Centro Galego de Arte Contemporánea
- día 7|
Santiago de Compostela
57_ Mercado de Abastos

A encantadora vila de Tui acóllenos no inicio do noso periplo

Suxerímosvos chegar a primeira hora da tarde a Tui, accesible pola AP-9, a A-55, a N-550 e a PO-552. É unha fermosa vila enriquecida pola paisaxe fluvial do río Miño e o seu carácter fronteirizo con Portugal. Foi unha das capitais de Galicia ata 1833 e posúe a única catedral de toda a provincia de Pontevedra. Motivos máis que suficientes para deixarse perder entre as súas rúas, unha vez instalados no aloxamento escollido de entre unha variada oferta, na que destaca o **Parador**, situado a un quilómetro do centro, fronte á **Ponte Internacional** deseñada por Eiffel, que comunica con Portugal.

Comezamos a visita ascendendo ao promontorio que é a vila de Tui. Sentiremos que o tempo se detivo no medievo ao subir polas **Rúas Canicoba, Entrefornos, do Corpo Santo** ou ao pasar polo **túnel de Encerradas**. Este é un pasadizo abovedado baixo o **Convento das Clarisas** que comunica a parte alta coa zona entre murallas. As mans das monxas que o habitan amasan os "peixiños", uns deliciosos doces de améndoas. A súa receita é un segredo entre muros pero que non impide saborealos, pois pódense adquirir no convento ou nas confeitarias.

Xa na cima visitamos a **Catedral de Tui**, fermoso edificio mestura de templo e fortaleza. A súa porta occidental merece a fama de atoparse entre as máis fermosas do gótico español

e ofrécenos imaxes inusuais como a da Virxe María tendida nunha cama, que representa a *Natividade*. Dende este punto domínase a conca do río Miño en toda a súa frondosidade, cos seus bosques de ribeira e fértiles vales, salpicados de hortas e grandes viñedos.

Meixón ou lamprea, con viños do Rosal

Á hora de cear, non esquezades que Tui coñécese como a "capital do meixón", con festa gastronómica o domingo de Pascua. Este manxar sèrvese en cazoliñas de barro co típico mollo picante. Do estuario do Miño tamén sae a súa afamada lamprea ou a zamborca. Os viños do Rosal, dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas, son o compañeiro ideal destes pratos.

Os muros do Convento das Clarisas gardan o segredo da receita dos "peixiños", deliciosos doces de améndoas típicos de Tui



> Tui

De Tui a Redondela

Despois de almorzar iniciamos a pé a primeira etapa galega do Camiño Portugués, entre Tui e Redondela, caracterizada por un trazado suave que segue o curso do río Louro, alternando camiños con pistas asfaltadas. Partimos á saída de Tui, xunto ao imponente cruceiro do século XVIII de **Rebordáns** e a súa igrexa románica, cuxos capiteis narran escenas da cea de Herodes.

A ruta avanza cara á **Capela Virxe do Camiño**, despois de atravesar a **Ponte da Veiga** sobre o río Louro. Máis adiante, por unha pista forestal, alcanzamos a **Ponte das Febres** sobre o río San Simón. Recibe este nome porque din que aquí enfermou de morte San Telmo. Podedes ler nunha placa a referencia ao suceso.

Abrigados pola vexetación de ribeira do río Louro chegamos á **aldea da Magdalena**. Saíndo da poboación atopamos un calvario formado por cinco cruceiros e logo unha preciosa ponte de lousas sobre o Louro. Continuamos ata **Ribadelouro** deixando ao poñente as Gándaras de Budiño, unha zona húmida gran valor ecolóxico e arqueolóxico.



> Catedral de Tui



> Paseo da Corredoira, Tui

Paramos a comer no Porriño

E por fin chegamos á localidade do Porriño, onde nos atopamos coa **Capela de San Benito**, a **Igrexa de Santa María** e o concello, unha caprichosa e monumental obra do arquitecto Antonio Palacios, natural da localidade, que vos asombrará. Pararemos a comer na vila, famosa polo seu pan de grosa codia e abundante miolo, moi bo compañeiro para un prato de callos, cuxa festa gastronómica se celebra aquí a finais do verán.

Pasamos por Mos e ceamos guiso de chocos en Redondela

Tras repousar a comida emprendemos a ruta ata o núcleo principal de Mos, que atravesamos pasando pola **Igrexa de Santa Eulalia**, o **Pazo dos Marqueses de Mos** e o **cruceiro policromado dos Cabaleiros** adornado con dous farois. Logo o Camiño ascende ata o **Alto de Inxertado**, pasa polo **miliario romano de Vilar de Infesta** e atravesa a **meseta de Chan das Pipas**.

A partir de aquí o trazado coincide coa N-550 ata internármonos en **Redondela**, onde nos atopamos co **Convento de Vilavella** e logo pasamos baixo o vistoso **viaduto Pedro Floriani**. Na cea podemos probar o guiso de chocos na súa tinta, tan popular na localidade, que ofrece bo aloxamento, tanto nos seus albergues, hoteis ou pensións, como en excelentes pazos e casas rurais.



> Concello do Porriño



> Redondela

| día 3 |

De Redondela a Pontevedra

Despois de madrugar e tomar un almorzo enerxético estamos listos para comezar unha nova etapa do Camiño, a que une Redondela con Pontevedra. Saímos da poboación baixo o chamado **Viaduto de Pontevedra**, que segue un dos modelos popularizados por Eiffel. Non en van Redondela coñécese como a “vila dos viadutos”, que lle conceden encanto e que ten seducido a ilustres personaxes; entre eles Lorca, que nunha ocasión dixo: “he viajado por un pueblecito caído del cielo”. Despois contemplamos a fachada barroca da **Capela de Santa Mariña** e, deixando atrás a vila, o Camiño introdúcese nun bosque e descende ata **Setefontes**.

Degustamos as ostras de Arcade

Entramos no concello de **Soutomaior** por Arcade, localidade famosa pola calidade das súas ostras, onde podemos facer un alto e degustalas cunhas gotas de limón. Tralo repouso reemprendemos o Camiño, que máis adiante pasa pola histórica **Ponte Sampaio** sobre o río Verdugo, onde se librou unha batalla que supuxo a retirada dos franceses durante a Guerra da Independencia. Á altura da **Canicouva** atravesaremos un evocador camiño empedrado en dirección a **Pontevedra** e ao seu **Santuario da Virxe Peregrina**, onde concluímos a etapa.



> Ostras



> Viaduto de Pontevedra. Redondela



> Pontevedra



> Pontevedra



> Mosteiro de San Xoán de Poio

O casco histórico de Pontevedra é un dos mellor conservados de Galicia

Comprobaredes que Pontevedra ten moito que ofrecer e animámosvos a pasear polo seu casco histórico, que presume de ser dos máis fermosos e mellor conservados de Galicia. Nos seus mesóns, tabernas e restaurantes atoparedes bos produtos da ría e viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Se fai bo día recomendámosvos dar un paseo pola beira do río Lérez que vos conduza ás **marismas da Alba**, catalogadas como Lugar de Importancia Comunitaria, ou ata a **Illa das Esculturas**, accesible por varias pontes e pasarelas. Aquí no só atoparedes obras de arte co nexo común do granito, senón que vos mesturaredes cos pontevedreses, que gozan deste espazo para facer deporte, ler, pasear ou organizar pícnicos. Os xogos acuáticos de patos, cisnes, garzas e picapeixes entreteranvos durante o paseo.

Pero se o día non acompaña, nada como buscar refuxio nas Salas Navais do **Museo Provincial**. Na Cámara do Numancia envolverédesvos pola sensación realista de estar no primeiro buque acoirazado de España.

Podemos cear e durmir no mosteiro de San Xoán de Poio

Outro lugar imprescindible é o Mosteiro de San Xoán de Poio, a uns tres quilómetros da cidade, no veciño concello de Poio, e situado nun precioso cerro que domina a ría. Son moitos os tesouros artísticos e bibliográficos que garda este edificio, cuxas orixes se remontan ao século VI. Como peregrinos, non debedes perdervos o monumental mosaico “Camiño de Santiago”, do artista checo Antoine Machourek. Ademais, o mosteiro conta con hospedaxe onde cear e durmir.



> Mosteiro de San Xoán de Poio



> Combarro

| día 4 |

Embarcamos no Grove

Durante a xornada viviremos unha das etapas máis curiosas desta peregrinación, a que reproduce a “Traslato” do Apóstolo Santiago. Como parte da ría de Arousa e transcorre por vía marítimo-fluvial, podemos investir a mañá nun entretido percorrido pola costa ata chegar ao Grove, porto de embarque para realizar esta ruta marítima.

Visitamos a encantadora poboación de Combarro, esculpida na rocha

Para chegar ao Grove aconsellámosvos que contratades algún transporte público que vos achegue aos principais puntos de interese deste tramo de costa da ría de Pontevedra. A primeira parada será en Combarro. É unha poboación cativadora pola súa arquitectura mariñeira, os seus hórreos, cruceiros e o seu interesante enclave, en pendente sobre a ría de Pontevedra e esculpido na rocha. Suxerímosvos facer un percorrido que conduce dende a **Praza de San Roque**, no casco histórico, ata a **praia de Padrón**. Dende o areal obtemos unha panorámica sorprendente da poboación, na que veremos uns trinta **hórreos** a pé de mar.

O Grove, a capital do marisco

Ao rematar a visita continuamos pola mesma estrada rumbo ao Grove, coñecida como a “capital do marisco”, onde chegaremos á hora de comer. As marisquerías que se concentran en torno ao porto presentan o manxar cocido ou en empanadas, salpicóns, paellas ou acompañados de saborosas salsas.

Emulamos a “Traslatio” a bordo dun catamarán, entre O Grove e Pontecesures

Dende o porto sairá pola tarde o catamarán que percorre a Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla, emulando a “Traslatio”, o lendario traxecto que seguiron os discípulos do Apóstolo Santiago, transportando os seus restos nunha barca de pedra dende Jaffa (Palestina) a Iria Flavia (Padrón).

Navegamos pola ancha ría de Arousa, variada en paisaxes que ofrecen á nosa vista praias, enseadas, cabos, illas, vilas e poboacións mariñeiras. Cara á desembocadura do **Ulla** rozamos as ribeiras do arquipélago das Malveiras, onde atopamos o primeiro dos cruceiros que integra o *viacrucis* acuático ata **Pontecesures**, localidade á que arribamos remontando completamente o leito do río e deixando atrás as brañas de Lestrove e as veigas de Laiño.

Seguimos os rastros desta lenda en Padrón

Ao outro lado da gran ponte de pedra de Pontecesures atópase Padrón. Aquí podedes seguir a pista desta lenda na **igreja neoclásica de Santiago**, en cuxo interior se conserva o “pedrón”, unha antiga ara romana á que, segundo se conta, foi amarrada a barca de pedra na que se trouxeron os restos do Apóstolo Santiago. Nas proximidades do Paseo do Espolón debes buscar a **fonte do Carne** para atopar un precioso relevo de pedra da “Traslatio”.



En Caldas de Reis podemos gozar das súas augas termais

Se vos queda algo de tarde por diante propoñémosvos coller un transporte para achegarvos ata Caldas de Reis, famosa pola súa riqueza termal. Así podedes culminar a xornada de maneira relaxada nos seus balnearios, gozando dos beneficios das augas mineiromedicinais ou recibindo unha masaxe reparadora. Se antes de regresar a Padrón a durmir decidides ceaxar en Caldas de Reis, probade a súa exquisita empanada de lamprea ou as troitas do Umia, co seu roscón de sobremesa.

A Raíña Lupa ofreceu os seus bois para unir ao carro que transportaría os restos do Apóstolo



| día 5 |

De Padrón a Santiago de Compostela

Tralo almorzo emprendemos a última etapa do Camiño Portugués entre Padrón e Santiago de Compostela. Á saída da vila unha escultura representa a un peregrino camiñando. Dende aquí iníciase un traxecto que chega practicamente en liña recta ata **A Escravitude**, onde destaca o seu magnífico **santuario** barroco de artísticas torres e escalinata. No seu interior atoparedes un retablo pintado en ouro con imaxes e pinturas murais.

Despois dun tramo de bosque a ruta cruza a vía do ferrocarril no lugar de **Angueira de Suso** e encamiñámonos cara a **Rúa de Francos**, adornada por un cruceiro gótico. Un desvío conduce ás ruínas do **Castro Lupario**, morada da lendaria Raíña Lupa, que, segundo a tradición xacobeá, ofreceu os bois para unir ao carro que transportaría os restos do Apóstolo ata o seu lugar de enterramento.

Percorremos unha serie de núcleos como **Osebe, Casalonga, Pedreira**, cada vez máis poboados, ata chegar ao **Milladoiro**, poboación moi ben dotada de servizos, onde nos podemos deter a xantar. Despois de descansar emprendemos a ruta en dirección a **Agro dos Monteiros**, dende o que se regalan as primeiras vistas sobre as torres da Catedral de Santiago.

Chegamos a Santiago de Compostela

O vello Camiño medieval deixa a un lado as ruínas do castelo arzobispal da **Rocha Vella** e despois chega ao barrio da **Choupana**, xa preto da **Capela de Santa Marta**, en plena cidade de Santiago de Compostela.

Avanzamos pola avenida **Rosalía de Castro** e a de **Xoán Carlos I**, deixando a **Alameda** á esquerda. Internámonos no casco histórico por **Porta Faxeira**, unha das sete portas que permitían o paso a través da muralla medieval da cidade, hoxe desaparecida. Cruzamos a **Rúa do Franco**, unha das vías máis activas do casco histórico, onde se concentran numerosos restaurantes que exhiben á súa entrada, en acuarios e vitrinas refrixeradas, o bo produto galego, en particular carnes, peixes e mariscos.

Culminaremos o traxecto na **Praza do Obradoiro**, en busca da recompensa de ver a fachada da **catedral** e as súas torres en todo o seu esplendor. A luz do atardecer concederá unha atmosfera especial á foto á que ningún peregrino renunciaría co maxestoso templo ao fondo. Para ceaxar aconsellámosvos buscar algún dos numerosos restaurantes próximos. Ademais de albergues, Santiago conta cunha gran oferta de aloxamento de calidade.

Unha xornada en Santiago, entre pedras e xardíns

A catedral e o seu espectacular contorno

Tras almorzar o primeiro será percorrer o **casco histórico**, declarado Patrimonio da Humanidade en 1985. Aconsellámosvos pospoñer a visita ao interior da catedral ata o momento de celebración da Misa do Peregrino. Mentres, podedes entretervos contemplando as distintas fachadas do templo e as súas prazas nun percorrido detido para apreciar aínda máis a súa beleza e valor artístico, xunto coas súas rúas circundantes.

Cando se anuncien as doce co profundo “do” da garganta da **Berenguela**, a campá máis grande da catedral aloxada na súa **Torre do Reloxo**, dirixiremos os nosos pasos ao interior do templo. Procuraremos o abrazo ao Apóstolo, para o que deberemos subir ao camarín do altar maior, onde se atopa a súa efixie. Despois podemos descender á cripta e detérmonos un momento ante a urna de prata onde se di que repousan os restos do Apóstolo e os seus discípulos Teodoro e Atanasio.

En determinadas datas litúrxicas faise voar o **botafumeiro**, un incensario xigante, no transepto da catedral, case rozando a bóveda. As brumas espesas de incienso inundan o ambiente de olor e maxia e déixannos imaxes e sensacións difíciles de esquecer.

Sorprenderanos o parque de Bonaval, co seu cemiterio desacralizado

Á hora de comer podemos elixir un restaurante, mesón, churrasquería, marisquería ou taberna, que de todo hai en Santiago. Dedicaremos a tarde a dar un paseo polos espazos verdes urbanos de Compostela. Recomendámosvos que vos dirixades a **San Domingos de Bonaval**, dende onde obteredes perspectivas sensoriais da cidade e onde se atopa un **cemiterio** desacralizado cuxo encanto e especial acústica serve en ocasións de escenario a espectáculos musicais.




> Porta Faxeira

Tradición e modernidade fronte a fronte

O acceso ao parque de Bonaval está flanqueado por un lado polo **Museo do Pobo Galego**, que alberga a máis importante recompilación da cultura e etnografía de Galicia. No seu interior podemos ver a célebre escaleira en espiral tripla, deseño de Domingo de Andrade, unha xoia de equilibrio e harmonía. Do outro lado atópase o **Centro Galego de Arte Contemporánea**, interesante ademais de polo seu contido polo propio edificio, do arquitecto portugués Álvaro Siza.

Despois da cea non debemos renunciar a saír de noite por Santiago. Podemos tomar unha copa tranquila nalgún dos seus clásicos pubs e pasear polas rúas, que resultan feiteiras cando a luz amarela dos farois roza coa pedra do chan e dos edificios.



> Centro Galego de Arte Contemporánea

O Mercado de Abastos e as súas paisanas

Non podemos despedirnos de Santiago sen coñecer o seu Mercado de Abastos en plena efervescencia. É o principal da cidade e o máis tradicional. Animámosvos a percorrer todos os corredores do magnífico edificio de pedra, onde vos inundarán os múltiples olores, cores e sons. Os tendeiros convidan en todo momento a comprobar a calidade dos seus produtos.

Unha das súas maiores peculiaridades é que aínda perdura a figura da “paisana”, que vende a pé de praza a colleita da súa horta, o mel das súas colmeas, os ovos das súas galiñas e mesmo os polos vivos do seu curral. As máis coñecidas son as pementeiros de Padrón. Ademais, no contorno existe algún local que nos preparará para comer os produtos que teñamos adquirido na praza.



> Mercado de Abastos

Camiño Primitivo en 4x4



Propoñémosvos vivir unha experiencia vibrante nun todo terreo que percorre o contorno do Camiño Primitivo de Santiago, a ruta máis ancestral e lendaria que conduce ata a cidade do Apóstolo Santiago. Faremos circular o 4x4 por pistas entre bosques de piñeiros sobre as altas montañas orientais de Galicia, que nos ofrecerán espectaculares paisaxes. Camiños rotos por corgas de auga porán a proba a habilidade ao volante, disparando a emoción da vivencia.



INICIO_
A Fonsagrada

FIN_
Santiago de Compostela

XORNADAS_4

MÁIS INFORMACIÓN
→ Museo Comarcal da Fonsagrada. Tel_ **982 340 507**
→ Albergue do Cádavo (Baleira). Tel_ **982 354 057**
→ Museo Vivente do Mel (Arzúa)_ www.abelleiro.com
→ Catedral de Santiago_ www.catedraldesantiago.es
→ Mercado de Abastos (Santiago)_ www.mercadodeabastosdesantiago.com



EXPERIENCIA



día 1|

- A Fonsagrada**
1_ Localidade da Fonsagrada
2_ Museo Comarcal da Fonsagrada
Baleira
3_ O Cádavo
Begonte
4_ Baamonde
Friol – Guitiriz
Curtis
5_ Teixeira
Sobrado dos Monxes
6_ Mosteiro de Santa María de Sobrado
7_ Lagoa de Sobrado
Arzúa
8_ Localidade de Arzúa

día 2|

- Arzúa**
9_ Fervenza das Hortas
10_ Museo Vivente do Mel
11_ Encoro de Portodemouros
O Pino
12_ O Pedrouzo
Santiago de Compostela
13_ A Lavacolla
14_ Monte do Gozo
15_ Casco histórico

día 3|

- Santiago de Compostela**
16_ Catedral
15_ Casco histórico
17_ Alameda
18_ Parque de Bonaval

día 4|

- Santiago de Compostela**
19_ Mercado de Abastos

Partimos da Fonsagrada, camiño de Arzúa

Na Fonsagrada coñeceremos como se vive nunha poboación de montaña

Recomendámosvos chegar a véspera ao atardecer á Fonsagrada, o concello máis extenso de Galicia e tamén a capital municipal de máis altitude de toda a comunidade autónoma, case a mil metros sobre o nivel do mar. Sitúase no extremo da provincia de Lugo, formando un conxunto montañoso que representa a fronteira natural con Asturias, coa que comparte a **Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón**.

A súa principal vía de acceso é a estrada LU-530, que a comunica coa capital provincial. Na localidade existen hoteis e pensións e no contorno un bo número de casas rurais e algún pazo onde podedes aloxarvos. Se non ceáchedes polo camiño recomendámosvos que probedes aquí algo da súa rica gastronomía, como o botelo, delicioso embutido tradicional feito de costelas de porco adobadas con allo e pemento, acompañado dunhas patacas cocidas, que gozan na zona de excelente calidade. E, de sobremesa, o saboroso pastel da Fonsagrada, de améndoa e crema pasteleira.

Aconsellámosvos madrugar para dar un paseo pola poboación antes de partir nos vehículos todo terreo acompañados do guía e do condutor. Podedes visitar o **Museo Comarcal da Fonsagrada**, ao lado da Alameda, que concentra unha boa representación das formas de vida e traballo nunha típica comarca de montaña. Veremos a recreación dunha adega, unha forxa de ferreiro e unha lareira. Tamén ten unha sección de arquitectura popular que servíndose de planos, maquetas e fotografías mostra os materiais, características construtivas e tipos de vivenda típicas da zona.

O botelo é un embutido tradicional feito de costelas de porco



> A Fonsagrada



> Museo Comarcal. A Fonsagrada

Descansamos no Cádavo e xantamos en Baamonde

Algo antes da media mañá partimos da Fonsagrada nos 4x4 para iniciar un percorrido polo territorio deste concello ata O Cádavo, sempre por pistas autorizadas para o tránsito dos nosos vehículos. É un relevo accidentado onde abundan as paisaxes de pendente e contrastes de altitude entre os vales e as cimas.

Esta zona permítenos gozar de paisaxes de montaña espectaculares. Os camiños rotos polas corgas causadas pola auga porán a proba a mecánica do noso coche, engadindo emoción á experiencia. É difícil velos, pero en toda esta zona hai lobos, xabarís e corzos. Máis sinxelo será avistar aguias, falcóns e outras aves rapaces.

A primeira parada para descansar será no **Cádavo**, onde existe un moderno albergue e remata unha das etapas do Camiño Primitivo en Galicia. Din que aquí se librou unha lendaria batalla na que Afonso II O Casto venceu aos exércitos musulmáns, liberando o camiño a Compostela. Topónimos como Campo de Matanza e numerosos achados de espadas e restos de armaduras seguen a fraguar a lenda. Despois, segundo imos descendendo cara ao contorno da capital da provincia a paisaxe vaise humanizando. A ruta continúa bordeando Lugo. Podemos parar a xantar en **Baamonde**.



> A Fonsagrada



> Área recreativa A Cortavella. Baleira

Visitamos Sobrado dos Monxes e rematamos a etapa en Arzúa

Unha vez descansados retomamos o Camiño, que transita por pistas entre bonitos bosques autóctonos de carballos e castiñeiros na zona de **Friol**, camiño de **Guitiriz**. Segundo imos descendendo cara a **Teixeiro**, os bosques de piñeiros van deixando paso aos pastos e aos seus habitantes naturais, as vacas, xa que esta é zona de gran produción leiteira.

Pola tarde a ruta, aínda que tranquila, non estará exenta de emocións, posto que teremos que vadear algún río para chegar ao noso destino. A primeira parada será en **Sobrado dos Monxes** a media tarde. Podemos aproveitar para visitar o **Mosteiro de Santa María de Sobrado**, Monumento Nacional, fundado hai máis de mil anos. Dende aquí nun pequeno paseo podemos achegármonos á **lagoa de Sobrado**, rodeada de prados naturais e manchas de piñeiro e ameneiro nun contorno montañoso e agrícola de gran beleza paisaxística.

Ao concluír a visita, xa sobre as catro rodas, pasaremos preto de **Arzúa** para rematar o percorrido e aloxarnos en calquera dos seus hoteis, pensións ou nas próximas casas de turismo rural, e cear aquí ou noutro establecemento de restauración da poboación.

“Polvo, barro, sol y lluvia
es Camiño de Santiago.
Millares de peregrinos
y más de un millar de años”.

Fragmento dun poema anónimo
escrito no Camiño



> Claustro do Mosteiro de Sobrado dos Monxes



> Museo Vivente do Mel. Arzúa



> Mosteiro de Sobrado dos Monxes

| día 2 |

De Arzúa a Santiago de Compostela

Unha ferverza de 32 metros de caída dobre e un museo dedicado ao mel

Cando esteades listos pola mañá suxerírmolos que vos acheguedes a un recurso natural de gran beleza, moi próximo á aldea de **Dombodán**. Trátase da **Ferverza das Hortas**, unha ferverza do río Saímes, xusto antes da súa confluencia co Ulla, de 32 metros de caída dobre.

Tamén está preto **Portodemouros**, onde se localiza o **Museo Vivente do Mel**. Aquí revelarannos como os nosos antepasados cultivaban o mel. No exterior atópase a reprodución dunha alvariza chea de cortizos, trobos e covos e un chineiro tradicional. Como contrapunto veremos un apiario moderno e no interior podemos seguir os procesos de extracción, decantación e envasado do mel. Na tenda imos atopar todo tipo de produtos relacionados coas abellas: mel, pole, xelea real e mesmo cosméticos. Cando saíamos será media mañá e, se o tempo acompaña, podémonos bañar no **encoro de Portodemouros**.

No Pino degustamos galo ao forno ou en guiso

Na etapa do Camiño Arzúa-O Pedrouzo e entre este e Santiago é posible facer a ruta en 4x4 por pistas anchas e accesibles que discorren próximas ao trazado histórico. Pararemos a comer no **Pedrouzo**, no concello do Pino. Aquí a especialidade é o galo piñeiro, unha raza de galos autóctona que se pode degustar ao forno ou en guiso. A súa festa gastronómica celébrase a principios de agosto.

No Monte do Gozo xa se ven as torres da Catedral de Santiago

Pola tarde subimos de novo ao todo terreo para iniciar un percorrido que transcorre polas inmediacións da **Lavacolla** e nos achega ao **Monte do Gozo**, unha pequena elevación dende a que os peregrinos ven por primeira vez as torres da catedral. Dende o Ano Santo do 93 transformouse nunha zona dotada de todos os servizos para peregrinos: albergues, hotel, restaurante e cafeterías. Se nos apetece palpar o ambiente da peregrinación xacobeá antes de chegar a Santiago este é o lugar idóneo onde facelo.



Hostal dos Reis Católicos



Torta de Santiago

De tapas polas típicas rúas do casco histórico compostelán

Alcizamos Santiago de Compostela ao atardecer, polo que teremos que pospoñer a visita á catedral para o día seguinte. Pero podemos gozar dun percorrido polas animadas rúas do casco histórico mesturándonos entre peregrinos, universitarios, turistas e composteláns.

Aconsellámosvos ir de tapas polas súas rúas, onde atoparedes as típicas racións galegas cos "imprescindibles" da súa gastronomía: empanada, polbo á feira, carne ao caldeiro, berberechos, mexillóns, raxo, zorza, pementos de Padrón, xoubas e mesmo orella. E sen esquecer a **Torta de Santiago** de sobremesa e os viños das diferentes denominacións de orixe de Galicia. En canto ao aloxamento, a cidade conta cunha variada oferta hoteleira que se adapta a todos os gustos e necesidades.



Fonseca


| día 3 |

As xoias da catedral e os espazos verdes do casco histórico

Unha sorprendente visita aos tellados da catedral

Despois de almorzar propoñémosvos coñecer a catedral dende unha perspectiva diferente, subindo ás súas cubertas. Trátase dunha visita guiada que inclúe dous percorridos consecutivos. Primeiro o do **Pazo de Xelmírez**, unha das principais construcións civís do románico español e centro do poder feudal exercido pola igrexa en Santiago. Asombraravos a gran bóveda de crucería de 32 metros de lonxitude do Salón Sinodal, cuxas ménsulas están decoradas con escenas dun animado banquete.

Logo ascendemos polas estreitas escaleiras da **Torre do Palacio** para percorrer os tellados graduados do templo en toda a súa extensión, o que nos permitirá entender moito mellor as distintas idades da catedral e os seus respectivos estilos. Pero o máis sensacional será ter ao alcance da man as torres, cúpulas e pináculos da catedral e dominar coa vista os tellados de Santiago ata perdérmonos nos montes circundantes.



Abrazamos ao Apóstolo e detémonos ante as súas reliquias

Logo entraremos no templo dende a **Praza do Obradoiro**, coa impresionante fachada barroca presidida polo Apóstolo Santiago de peregrino con capa e bastón. Ascendemos pola dobre escalinata exterior e no interior topamos coa magnífica vista do **Pórtico da Gloria**, obra mestra da escultura románica española. De novo o Apóstolo Santiago no parteluz, onde a media altura tamén acharemos as pegadas dos peregrinos afundidas no mármore. Son moitos os tesouros que esconde o interior da catedral e os seus ritos. Destaca o abrazo ao Apóstolo ascendendo ao camarín do altar maior. Tamén nos deteremos ante as súas reliquias, gardadas nunha urna de prata na cripta, baixo o altar maior.

Probamos os peixes e mariscos das rías galegas

Será preto da hora de comer cando acabemos as visitas polo que neste segundo día aconsellámosvos probar os excelentes peixes en caldeirada ou á galega e mariscos das rías galegas ao vapor, á grella ou acompañados de salsas, que atopamos nos restaurantes ou marisquerías das Rúas do Franco, A Raíña e nas súas proximidades.

Da Alameda ao parque de Bonaval

Pola tarde animámosvos a descubrir os xardíns e parques do casco histórico. O máis popular, a Alameda, pulmón verde. O **Paseo dos Leóns** proporciónanos unha das mellores vistas frontais da catedral, sobre todo coa luz do atardecer. Camelias centenarias, eucaliptos xigantes, vellas carballeiras, esculturas, fontes e mesmo algunha igrexa entreterán o noso percorrido.

Outro estupendo miradoiro sobre a cidade é o **Parque de San Domingos de Bonaval**, asentado na ladeira oeste do Monte da Almáciga. A medida que subimos pola ladeira os edificios e tellados vanse descubrindo ante os nosos ollos. Conta con espazos moi singulares e fermosos, como un cemiterio desacralizado, cuxa especial acústica e ambiente emprégase en ocasións como lugar de espectáculos musicais.

E para a hora da cea propoñémosvos probar algún dos pratos creados polos *chefs* da nova cociña galega nos restaurantes de autor da cidade.



| día 4 |

Despedímonos de Santiago no Mercado de Abastos

Como despedida da cidade, unha visita ao Mercado de Abastos resulta unha experiencia enriquecedora, pois é un lugar vivo onde atoparse con moitos composteláns e con todo o que o mar e a terra galega producen. Peixes e mariscos frescos da ría, excelentes carnes, queixos artesanais, mel, flores... e mesmo polos de curral vivos e outros produtos das hortas próximas da cidade véndense nesta praza. No seu contorno existen restaurantes que por un prezo alcanzable nos preparan os produtos adquiridos no mercado.



De viños pola Vía da Prata

Esta particular peregrinación combina as feiteiras paisaxes galegas da Vía da Prata coa riqueza vitícola das terras que atravesamos. Pazos, torres, fortalezas, mosteiros e igrexas saíran ao noso paso, pero tamén o farán adegas de ata tres das cinco denominacións de orixe de viños que existen en Galicia. Coñeceremos e degustaremos os excelentes caldos que elaboran.



INICIO_
Verín
FIN_
Santiago de Compostela
XORNADAS_7

MÁIS INFORMACIÓN
→ Parador de Verín. Tel_ **988 410 075**
→ Balneario de Laias (Cenlle). Tel_ **988 280 409**
→ Mosteiro de Oseira (San Cristovo de Cea)_ www.mosteirodeoseira.org
→ Pan de Cea_ www.pandecea.org
→ Colexiata de Sar (Santiago)_ www.colegiatadesar.com



7

EXPERIENCIA

- día 1|
Verín
1_ Parador
Monterrei
2_ Fortaleza de Monterrei
Verín
3_ Casa do Asistente
- día 2|
Trasmiras
4_ Poboación de Trasmiras
5_ Igrexa de Santa María de Zos
Xinzo de Limia
6_ Boado
7_ Xinzo de Limia
Verín
8_ Vilaza
9_ Pazos
- día 3|
Xinzo de Limia
7_ Localidade de Xinzo de Limia
Sandiás
10_ Vilarinho das Poldras – Couso de Limia – Sandiás
Allariz
11_ Augas Santas
Ourense
12_ Casco antigo
13_ Fonte das Burgas
14_ Catedral
Cenlle
15_ Balneario de Laias
- día 4|
Amoeiro
16_ San Paio de Bóveda
Vilamarín
17_ Tamallancos
18_ Sobreira
19_ Pazo de Vilamarín
San Cristovo de Cea
20_ Faramontaos
21_ Biduedo
Ribadavia
22_ Localidade de Ribadavia
23_ Barrio xudeu
24_ Castelo dos Condes de Ribadavia
Leiro
25_ San Clodio
Cenlle
15_ Balneario de Laias
- día 5|
San Cristovo de Cea
26_ Localidade de Cea
27_ Mosteiro de Santa María A Real de Oseira
Dozón
28_ Alto de San Domingos
Vila de Cruces
29_ Localidade de Vila de Cruces



- día 6|
Boqueixón
30_ Lestedo
- Santiago de Compostela
31_ A Susana
32_ Paradela
33_ Rúa da Ponte do Sar
34_ Colexiata de Sar
35_ Castrón Douro
36_ Fonte de Santo Antonio
37_ Casco histórico
38_ Arco de Mazarelos
39_ Praza da Universidade
40_ Costa de Xelmírez
41_ Praza das Praterías
42_ Praza do Obradoiro

- 43_ Catedral
44_ Rúa do Franco
37_ Casco histórico
45_ Alameda
46_ Parque de Bonaval
37_ Casco histórico
- día 7|
Santiago de Compostela
47_ Cubertas da catedral
48_ Rúa do Preguntoiro
49_ Praza de Cervantes
50_ Rúa Acibecheira
51_ Mercado de Abastos
37_ Casco histórico

O Camiño comeza en Verín, vila dominada pola Fortaleza de Monterrei

Aconsellámosvos chegar pola tarde a Verín, vila de entroidos ancestrais, no val do río Támega e capital de comarca. É unha das principais localidades da provincia ourensá, próxima a Portugal, situándose nunha das variantes no Camiño do Sueste-Vía da Prata. A vila está dotada dunha importante oferta de aloxamento, destacando o **Parador**, aos pés da **fortaleza medieval de Monterrei**, os dous sinalizados dende a N-525, que nos achega á localidade, á que tamén podemos acceder a partir da A-52.

Unha vez instalados podemos visitar esta acrópole, a maior de Galicia para moitos autores, que dende hai 800 anos vixía a fronteira co veciño Portugal e domina sobre o val. Dende o Parador podemos ascender a pé polo outeiro, a mellor maneira de reparar na tripla muralla e en todos os edificios da imponente fortaleza, construídos entre os séculos XII e XVII.

No patio de armas atopamos o chamado “pozo verde”, rodeado de lendas de infidelidades e suicidios, como o da esposa de Pedro o Cruel. Non perdades tampouco a oportunidade de subir á **Torre da Homenaxe**, impresionante mole de pedra de 22 metros de altura, dende onde teredes unha vista de varios quilómetros de paisaxes salpicadas de viñedos, hortas, pequenas aldeas e Verín aos seus pés.

Para cear, polbo á feira, bacallau ou androlla

Ao rematar o percorrido, baixaremos á vila. Se sodes amantes da heráldica impresionarvos o escudo que loce a fachada da **Casa do Asistente**, próxima á ponte que cruza o río Támega. Á hora de cear recomendámosvos o seu afamado polbo á feira, bacallau ou os manxares da matanza do porco como a androlla -embutido típico da zona-. Acompañaremos a comida cun **viño da Denominación de Orixe Monterrei**.



De Verín a Xinzo de Limia

Despois do almorzo trasladámonos á poboación de **Trasmiras**, encadrada na comarca da Limia, para dende alí iniciar andando o tramo da Vía da Prata que nos conduce ata Xinzo de Limia. Pasaremos polo lugar de **Zos**, onde nos sorprenderá a bonita portada con tres arquivoltas da **Igrexa de Santa María**, que aínda conserva íntegra a fábrica románica do templo e o orixinal tímpano da porta sur.

Despois vén **Boado**. Ao noso paso revélase unha paisaxe de alto valor ecolóxico, refuxio de múltiples aves, polo que non será raro atopar niños de cegoñas ou outros paxaros. Chegaremos a **Xinzo de Limia** para comer. Na localidade podemos degustar un excelente lacón con grelos ou carnes de tenreira, cabrito ou cordeiro, sempre ben acompañadas pola recoñecida pataca con Denominación de Orixe que se produce na comarca.

Visitamos varias adegas da Denominación de Orixe Monterrei

Repousada a comida regresaremos ao contorno de Verín para coñecer algunhas das adegas da Denominación de Orixe Monterrei, os seus viñedos e o proceso de produción dos seus viños. Na aldea de **Vilaza** pasearemos entre viñedos de *treixadura*, que aprenderemos a distinguir do *godello*, tocando as cepas, as súas follas e uvas. Logo degustaremos os seus caldos. E na poboación de **Pazos** visitaremos outra das adegas representativas da denominación e os seus viñedos, que se estenden no val cun pano de fondo montañoso e baixo a mirada da Fortaleza de Monterrei. Ao rematar a visita poderedes cear nun mesón da poboación cuxa especialidade son as grelladas de carne.

De Xinzo de Limia a Ourense

Tralo almuerzo dedicaremos a mañá a percorrer un novo tramo da Vía da Prata, partindo de Xinzo de Limia. Dende aquí facemos camiñando o percorrido que atravesará a vila e as poboacións de **Vilariño das Poldras**, **Couso de Limia** e **Sandiás**, onde podemos subir ata a próxima torre que se alza sobre un antigo castro que estaba aos pés da hoxe desecada **Lagoa de Antela**.

Un amplo campo de visión domina sobre a chaira cuberta de plantacións de pataca e pequenos núcleos rurais, asentados no que no seu día foron dominios da lagoa. Divisamos as **torres da Pena e da Porqueira**, en cimas de montaña. Na súa orixe foron catro torres e dise que estaban comunicadas por pasadizos, onde os maiores do lugar falan da existencia de escuros alxubes.

En Augas Santas degustaremos o seu típico queixo de ovella e licor café

Rematamos o percorrido na poboación de Augas Santas, próxima a **Allariz**, onde atopamos un dos conxuntos históricos máis bonitos de Galicia, o escenario perfecto para parar a xantar. Suxerímonos un menú que aproveite a rica gastronomía do territorio, comezando cun entrante de Queixo do Rexo (de ovella) e embutidos da zona, sen perdernos as súas exquisitas empanadas. Na sobremesa podemos deixarnos seducir por amendoados, a súa afamada Torta Real ou os seus melindres típicos, xunto co delicioso licor café que elaboran na vila.

Dirixímonos a Ourense, capital termal de Galicia

Un plan excelente para a tarde será trasladarnos nun transporte ata Ourense, capital termal de Galicia, e dar un paseo polo seu casco antigo. Unha das súas iconas é a **fonte das Burgas**, onde veremos brotar fumeantes as súas augas salúferas a 67 graos polo cano da súa fonte neoclásica. Podemos facernos cunha botella para levar un pouco de auga, como fan os ourensáns. A lenda alimenta dúas versións sobre o manancial: unha di que nace dun volcán en repouso baixo a cidade e outra debaixo da Capela do Santo Cristo, na **catedral**, que debemos visitar.



> Augas Santas



> Río Arnoia. Allariz



> Entroido. Xinzo de Limia



> As Burgas



> Ourense

Rematamos a xornada relaxándonos no balneario de Laias

Tamén de riqueza termal saben as terras do Ribeiro, onde esta cultura únese á vitícola. Para aproveitar ambas podemos desprazármolos a Laias, no concello de **Cenlle**, onde tamén atoparemos aloxamento. Será perfecto pasar o resto da tarde relaxados no seu balneario, rodeados da paisaxe fluvial do río Miño e coroar o día cunha boa cea acompañada dos **viños da Denominación de Orixe O Ribeiro**. Para pasar a noite podemos quedar no propio balneario ou regresar a Ourense, que ofrece unha ampla e variada oferta de hoteis e pensións.



> Torre da Pena. Xinzo de Limia



> Pazo de Vilamarín



> Barrio xudeu. Ribadavia

| día 4 |

Tramo inicial da etapa San Paio de Bóveda-Carballada

Visitamos o Pazo de Vilamarín

Despois de almorzar continuaremos a nosa particular peregrinación facendo o tramo inicial da etapa San Paio de Bóveda-Carballada. Dende San Paio, no concello ourensán de **Amoeiro**, continuamos ata **Tamallancos** e **Sobreira**. Neste lugar podemos desviarnos para visitar o **Pazo de Vilamarín**, cuxa fisonomía é a dun castelo-fortaleza. Atópase nun contorno completamente rural, próximo ao lugar de Fondevila, nun alto dentro dun extenso terreo. A súa entrada é gratuita e podemos acceder mesmo ás súas grandes torres. No interior unha das súas pezas máis interesantes é unha lareira con campá apoiada sobre dous piares con capiteis moldurados. Trala visita continuaremos ata **Faramontaos** ou **Biduedo**, segundo as nosas forzas.

Xantamos en Ribadavia, capital do viño do Ribeiro

Cando chegue a hora de comer suxerímosvos contratar un transporte para desprazarnos a Ribadavia, a monumental capital do viño da Denominación de Orixe O Ribeiro. Hai interesantes establecementos con restaurante onde elixir excelentes viños da denominación para acompañar o menú. De sobremesa aconsellámosvos probar uns saborosos doces hebreos que atoparedes no antigo **barrio xudeu**.

Esta vila é rica en arte e historia. Será interesante visitar as ruínas do **Castelo dos Condes de Ribadavia**, onde se intúe a grandeza dunha das máis importantes fortalezas de Galicia.



> Casa da Inquisición. Ribadavia

Percorremos unha adega e gozamos dunha sesión termal

Podemos rematar a tarde coñecendo unha das adegas da denominación, no berce xeográfico destes viños, **San Clodio**, no veciño concello de **Leiro**. É unha oportunidade para pasear entre os seu extensos viñedos de uva *treixadura* e despois degustar os seus caldos. Trala visita podemos completar o día cunha sesión termal ou unha masaxe no **balneario de Laias**, antes da cea.




> Balneario de Laias

De Cea a Vila de Cruces

Degustamos o pan de Cea e o particular licor que elaboran os monxes de Oseira

Tras un bo almorzo proseguimos pola Vía da Prata. Podemos tomar como referencia a etapa Biduedo-Carballada, pero suxerímosvos empezala un pouco antes, en Cea, unha localidade coñecida polo seu pan, hoxe con indicación xeográfica protexida. Os antigos peregrinos xa se refuxiaban á calor dos seus fornos e logo levaban o seu bolo para matar a fame na ruta. Tamén hoxe podedes abastecervos facilmente, grazas aos sinais que nos dirixen a eles.


A historia deste pan é paralela á do **Mosteiro de Santa María A Real de Oseira**. Xa no século XIII a vila era a principal subministradora do produto en Galicia grazas aos monxes cistercienses do mosteiro, ao que podemos chegar dende Cea. Marabilláranos a súa monumentalidade, valor artístico e o seu enclave natural, entre montañas. Unha vez alí aconsellámosvos probar o **“Eucaliptine”**, un particular licor elaborado polos monxes a partir das follas de eucalipto. Ao rematar a visita retomamos o Camiño cara a **Dozón** e continuamos cara o **Alto de San Domingos** ou ata onde nos acompañen as forzas.




> Sala capitular. Mosteiro de Oseira



> Ponte Ledesma dende Vila de Cruces



> Pan de Cea



> Mosteiro de Santa María A Real de Oseira

Coñecemos os viñedos da ribeira do Ulla, terra de augardentes

Propoñémosvos coñecer a produción de viños e licores no val do río Ulla, terra de gran tradición augardenteira e próxima a Santiago, da man dunha adega da **Denominación de Orixe Rías Baixas**, no concello de **Vila de Cruces**. Suxerímosvos desprazarvos alí para xantar nalgunha das casas rurais que ofrecen boa cociña e aloxamento para pasar a noite. Podemos pedir que nos preparen ao forno o seu afamado galo de curral.

A boa gastronomía convive con paisaxes espectaculares deseñadas pola auga. No en van estas terras son parte da Rede Fluvial Ulla-Deza. Repousada a comida trasladarémonos á ribeira do Ulla para coñecer os seus viñedos e aprender máis sobre a auténtica “viticultura do granito”, así coñecida pola composición deste solo, onde tamén medra a uva *albariño*.

Ao rematar a visita podemos regresar ao aloxamento rural para a cea. Recomendámosvos peixe, dado que esta conca fluvial é das máis ricas en salmón de Galicia, aínda que tamén hai boas troitas e anguías.

De Lestedo a Santiago de Compostela

Tralo almorzo estaremos listos para percorrer a pé o último tramo da Vía da Prata. Partiremos de Lestedo, no concello de **Boqueixón**, dende onde nos separan pouco máis de dez quilómetros da Catedral de Santiago. Iremos deixando atrás a sombra do **Pico Sacro**, foco de moitas lendas xacobeas.

Más adiante atravesamos as aldeas da **Susana** e **Paradela**, chegando a Compostela pola **Rúa da Ponte do Sar**, onde aparece á esquerda a **Colexiata de Sar**. Sorprenden os seus muros visiblemente inclinados. Para apreciálos debes visitar o interior. É a razón de que no exterior vexamos grosos arcobotantes, unidos máis tarde ao edificio, entre os séculos XVII e XVIII.

Logo afrontamos a subida de **Castrón Douro**, unha rúa tan bonita como empinada. Cruzamos **Fonte de Santo Antonio** e penetramos propiamente na “améndoa” -casco histórico- de Santiago polo **Arco de Mazarelos**, a única porta da muralla medieval da cidade que se conserva.

Trala **Praza da Universidade**, descendemos pola **Costa de Xelmírez** e alcanzamos a **Praza das Praterías**, con múltiples e variados tesouros pétreos, como a **Casa do Cabido** ou a **Torre do Reloxo**. Esta alberga a maior campá da catedral, a **Berenguela**, que ás doce do mediodía anuncia a Misa do Peregrino. Logo descendemos e dobramos a esquina ata a **Praza do Obradoiro**, destino ansiado dos peregrinos.



> Colexiata de Sar

Cumprimos con todos os ritos na catedral e xantamos na popular Rúa do Franco

No interior da catedral podemos cumprir todos os ritos asociados á peregrinación, como dar o tradicional abrazo ao Apóstolo ou visitar as súas reliquias descendendo á cripta, baixo o altar maior, onde se gardan nunha urna de prata. Ao rematar faremos un percorrido para coñecer as demais fachadas e prazas catedralicias, cada cal máis fermosa e diferente á anterior.

Á hora de comer, a Rúa do Franco, comunicada directamente coa Praza do Obradoiro, é un escaparate da mellor gastronomía galega: mariscos, peixes e carnes. E, de sobremesa, a tradicional **Torta de Santiago**, unha delicia feita a base de améndoas.

A Berenguela,
a campá da Torre do Reloxo
da Catedral de Santiago,
anuncia a Misa do Peregrino
ás doce do mediodía

Paseamos polos espazos verdes da cidade e imos “de viños” pola zona vella

A tarde dedicáremola a pasear pola zona monumental. Atoparemos moitos edificios visitables de diferentes estilos. E se o que nos apetece é aire libre, as zonas verdes de Santiago deixarannos marabillados. A elegancia decimonónica do **Paseo da Alameda** ou a espiritualidade do **parque de Bonaval** son algunhas das opcións que nos brinda o centro de da cidade.

Ao culminar a tarde o apetito xa se fará notar. Un costume moi arraigado é “ir de viños” polas rúas do casco histórico, acompañando os caldos galegos coas típicas racións que satisfacen todos os gustos.

Compostela, como cidade Patrimonio da Humanidade, aberta e hospitalaria, conta cunha ampla e variada oferta de aloxamento. Un hotel ou pensión con encanto no casco histórico pode ser unha boa opción para seguir gozando da cidade á mañá seguinte.

Subimos aos tellados da catedral

Despois do almorzo propoñémosvos subir ás cubertas da catedral, que nos descubrirán unha perspectiva diferente da cidade, case sobrevoándola. Ao rematar podemos dar unha volta por rúas como **O Preguntoiro**, a **Praza de Cervantes**, **Acibechería** ou mesmo o **Mercado de Abastos** se queremos ultimar algunhas compras. Ao concluír sentaranos ben un descanso nalgún dos encantadores cafés da zona monumental.



> Catedral. Fachada de Praterías





FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

galicia
o bo camiño



**XUNTA
DE GALICIA**